



Guía de aprendizaxe-servizo e currículo por competencias



Título: *Guía de aprendizaxe-servizo e currículo por competencias*

© Educo (2024)

Permítese a reprodución total ou parcial desta obra por calquera medio ou procedemento sempre que se mencione a fonte e se realice con fins non comerciais.

Equipo de Educación para a Cidadanía Global

Coordinación: Carlos Vela Pizarro, Laura Álvarez, Alfonso León.

Produción: Francisco Barea Durán

Corrección:

Dirección creativa: Elena Martí

Diseño:

Fotografías: Arquivo de Educo

As fotografías utilizadas neste documento son só ilustrativas e en ningún caso se pode deducir que reflectan o contido.

Para obter máis información sobre os temas tratados neste documento, póñase en contacto con educos@educos.org

Grazas á Rede Española de Aprendizaxe-Servizo e a todos os membros da Mesa de Coordinación e Aprendizaxe do «Proxecto de educación para a cidadanía global e aprendizaxe-servizo para a promoción da cultura de paz na diversidade escolar» por todas as achegas a este recurso.

Contidos

1 Presentacións	6
Presentación da Rede Española de Aprendizaxe-Servizo	6
Como xorde esta guía?	7
2 Introducción teórica temática	8
Por que é necesaria a aprendizaxe-servizo?	8
A aprendizaxe-servizo como instrumento para afrontar os retos da humanidade no século XXI	12
3 Como se vincula a aprendizaxe-servizo coa lexislación vixente?	25
A ApS como instrumento de desenvolvemento curricular	25
O ApS nas distintas etapas educativas	29
4 Como levar a aprendizaxe-servizo á aula?	31
Fase de análise	31
Fase de reflexión	33
Fase de compromiso	33
Difusión	34
Celebración	34
Avaliación	35
5 Situacións de aprendizaxe con proxectos de aprendizaxe-servizo	36
6 Sistematización dos proxectos de aprendizaxe-servizo	38
7 Conclusións	42
Glosario de termos	44
Anexos	47
Bibliografía e webgrafía	66



Prólogo

Esta guía de aprendizaxe-servizo e educación transformadora para unha cidadanía global é unha ferramenta que Educo pon a disposición do profesorado, as educadoras e os educadores co fin de facilitar o desenvolvemento dun enfoque educativo que reforce as competencias clave para xerar coñecemento, reflexión, análise, proposta e acción solidaria de nenas, nenos e adolescentes para contribuír á transformación social e ao coidado da vida nunha comunidade local e global.

Partimos da importancia de recoñecer a capacidade, participación e axencia de nenas, nenos e adolescentes, especialmente aqueles con menos oportunidades, como cidadáns e cidadás do presente que toman conciencia da súa realidade e que provocan cambios positivos no medio actuando como cidadáns críticos, responsables e comprometidos coa construción dunha sociedade equitativa, pacífica e sostible.

Como xa vimos traballando cos Premios de Aprendizaxe-Servizo, esta guía contribuirá a acompañar, a recoñecer e a darlle visibilidade ás prácticas educativas innovadoras e aos enfoques metodolóxicos activos, participativos e inclusivos como ferramentas para o éxito educativo e o compromiso social en doce centros educativos no marco do «Proxecto de educación para unha cidadanía global e aprendizaxe-servizo para a promoción dunha cultura de paz na diversidade» promovido por Educo e cofinanciado pola Axencia de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID).

Agradecemoslle á Rede de Aprendizaxe-Servizo, que é un dos colaboradores importantes na posta en marcha do proxecto e no acompañamento en procesos educativos transformadores que nos achegan a súa experiencia e traballo, a súa ilusión e compromiso, sen os cales esta publicación non sería posible e, especialmente, ao seu autor, Francisco Barea, que verteceu nestas páxinas o seu coñecemento e experiencia.

Agardamos que a guía de aprendizaxe-servizo e educación transformadora para unha cidadanía global vos axude e contribúa a facer da educación un instrumento de cambio social, unha educación que sanda e que promove a participación e o benestar da infancia.

1

Presentacións

A aprendizaxe-servizo é unha maneira de educar que debe estar presente en todos os centros de forma habitual.

Josep María Puig

Educo é unha ONG de cooperación global para o desenvolvemento e a acción humanitaria presente en dezaoto países que leva máis de trinta anos actuando en favor da infancia e na defensa dos seus dereitos, en especial, o dereito a recibir unha educación de calidade. Estamos ao carón de máis dun millón de nenos e nenas en todo o mundo, especialmente aqueles que viven en situación de vulnerabilidade, pobreza ou de falta de oportunidades. Pase o que pase, nada nos detén: ante calquera crise, conflito armado ou emerxencia, a educación non pode parar. Porque a educación é urxente: cura, apodera e protexe.

Dende os seus inicios, Educo traballou a prol da infancia e da súa contorna, co obxectivo de promover sociedades máis xustas e equitativas que garantan os seus dereitos e o seu benestar. Educo aposta por unha visión global da situación da infancia, promovendo os seus dereitos e contribuíndo ao seu desenvolvemento integral mediante o acceso a unha educación de calidade, a súa protección e a participación en todas as

decisións que afecten a súa vida. Un mundo onde todos os nenos e nenas gocen plenamente dos seus dereitos e teñan a oportunidade de desenvolveren todo o seu potencial.

Somos membro da ChildFund Alliance, unha das principais coalicións internacionais de ONG centrada na protección da infancia e que está presente en máis de setenta países.

Presentación da Rede Española de Aprendizaxe-Servizo

A Rede Española de Aprendizaxe-Servizo (REDAPS) é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como misión difundir a aprendizaxe-servizo (ApS), potenciar a colaboración entre colectivos territoriais e representalos fronte a outras institucións de carácter supralocal.

Está formado por persoas de procedencias diversas: centros educativos, centros de formación do

profesorado, entidades sociais, universidades, outras iniciativas locais...; todas elas co foco de interese común de promoveren e difundiren a aprendizaxe-servizo.

Precisamente unha das características de identidade da REDAPS é a súa pluralidade e o seu pluralismo. Na Rede valórase e foméntase o respecto, a apertura e o intercambio entre persoas e colectivos de afinidades diversas, unidos pola convicción de que a finalidade da educación debería ser formar persoas competentes capaces de transformaren o mundo.

A Rede está integrada por dezasete grupos territoriais en dezasete comunidades autónomas. Os grupos territoriais son os que avalan a entrada de novas persoas socias na Rede.

Estes colectivos teñen como obxectivo promover o desenvolvemento da aprendizaxe-servizo nos seus territorios e están constituídos tamén por persoas e entidades de procedencia diversa.

Aspiramos a que os nenos, nenas, mozos e mozas sexan considerados cidadáns activos capaces de desenvolveren as súas propias habilidades eo seu talento ao servizo da súa comunidade.

Como xorde esta guía?

Esta guía xorde da necesidade de dotar o profesorado e as entidades sociais dun instrumento co que afrontar os retos globais do noso tempo nos centros educativos a través da educación por competencias cun enfoque de cidadanía global.

Na actualidade, a LOMLOE propónse buscar novas estratexias metodolóxicas que conecten a realidade persoal e social coas aprendizaxes, saberes, actitudes e coñecementos que se desenvolven na aula.

Cremos que a mellor estratexia para afrontar este desafío é **a aprendizaxe servizo**. A ApS ofrécenos a posibilidade de conectar a cidadanía global co currículo e acadar así varios obxectivos implícitos neste percorrido:

Unha cidadanía informada, crítica, comprometida e activa capaz de afrontar os retos globais do noso tempo.

A xeración de proxectos con outras persoas e colectivos mediante a creación de redes que incidan no local para transformar o global. Pódense establecer alianzas con redes nacionais e internacionais que estean realizando o mesmo tipo de traballo ou sobre as mesmas temáticas, ou ben axudar directamente con proxectos noutros países.

Conectar os contidos curriculares e a realidade do contorno, garantindo unha aprendizaxe significativa.

Desenvolver accións que contribúan á transformación social e á construción da cidadanía global de acordo cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) ou a axenda internacional existente nese momento.

2

Introducción teórica temática

Por que é necesaria a aprendizaxe-servizo?

Os retos dun mundo global

«O mundo enfróntase a enormes desafíos globais que o sacoden intensamente e cuxas solucións pasan necesariamente por unha estreita cooperación internacional. O dilema é claro: acción colectiva ou suicidio colectivo» (Guterres, 2022). Estas foron as palabras do secretario xeral das Nacións Unidas, António Guterres, durante a súa exposición no Diálogo Climático de Petersburgo, que se celebrou en Berlín (Alemaña).

Esta análise que fixo Guterres ponnos diante dunha realidade moi dura, que é a que lles estamos a deixar aos nosos mozos e mozas, aos nosos nenos e nenas. Podemos dicir que o mundo que lles tocou vivir está inmerso nunha metacrise, xa que acabamos de saír dunha crise sanitaria e estamos a vivir unha crise climática, unha crise económica e unha crise política e social agravada polas guerras de Ucraína e de Gaza. Podemos engadir tamén a constante crise que viven as mulleres coa desigualdade social e a discriminación económica e educativa, e a repunta constante da violencia de xénero.

Ante este panorama, Yuval Noah Harari, no seu libro 21 lecciones para el siglo XXI, advírtenos sobre o enfraquecemento das democracias provocado por estas circunstancias e proponnos loitar por superar o illamento nacionalista.

Podemos dicir entón que a humanidade se atopa ante unha encrucillada vital e histórica na que ten que escoller entre o camiño da competición ou o da cooperación. Buscar unha solución a este dilema é o principal reto do ser humano no século XXI.

Curiosamente, hai 40 000 anos, o planeta viviu unha importante crise climática provocada por unha erupción volcánica. Segundo os arqueólogos da Universidade de Montreal e da Universidade de Xénova, este fenómeno provocou a desaparición dos neandertais, xa que non foron quen de sobrevivir a estas circunstancias. Pero entón, por que non desapareceu o Homo sapiens? Segundo estes estudosos, pola súa capacidade de cooperación. Os neandertais eran bos na competición, pero non sabían como resolver os problemas xuntos.

O filósofo colombiano Bernardo Toro lémbra-nos que estamos a vivir un cambio de paradigma na civilización que terá o coidado como categoría

central. Segundo as súas propias palabras, «O coidado non é unha opción, é unha aprendizaxe fundamental. Ou aprendemos a coidar ou perecemos» (Toro, 2012).

Acabar coa pobreza, acadar a igualdade ou loitar contra o cambio climático son tarefas que están estreitamente vinculadas cos dereitos humanos e a nosa capacidade de adaptación e supervivencia no planeta, e é o que nos propoñen os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). Entón podemos dicir que a humanidade ten unha senda na que podemos traballar todos xuntos porque precisamos unha sociedade comprometida que, a partir os valores do humanismo, avance e lidere os cambios necesarios para facer do noso mundo un lugar sostible.

É importante sinalar que a educación debe xogar un papel protagonista neste desafío, e a nova normativa educativa da LOMLOE sinala claramente a necesidade de traballar os ODS nos centros educativos, posto que esta loita debe converterse no noso novo contrato social global que poña as persoas e o planeta no centro das decisións.

A promesa rota

A esta conxuntura tan complexa que lles tocou vivir á infancia e á mocidade, cómpre que engadamos o que poderíamos chamar «a promesa rota». Ás novas xeracións vendéuselle dende hai moito tempo a idea de que se estudaban e se adaptaban ao sistema terían emprego e vivenda, e polo tanto poderían participar civicamente na sociedade. A realidade é ben distinta, xa que o acceso á vivenda

e a posibilidade dun traballo digno convertéronse nunha odisea para as novas xeracións.

Carol Dweck e o seu colega David Yeager formularon a chamada lei universal da aprendizaxe: «Toda persoa, toda organización, toda sociedade que queira sobrevivir, debe aprender a un ritmo máis rápido do que muda a súa contorna» (Dweck e Yeager, 2006). Podemos dicir que a escola responde a este ritmo de cambio? A realidade é que non é a tónica xeral nos centros educativos. Na proposta educativa que se lle fai ao alumnado non se adoita ter en conta o medio ambiente, polo tanto, é moi difícil que o obxectivo sexa a transformación da sociedade, senón, moi pola contra, o da adaptación e a falta de cuestionamento da realidade que o rodea.

É fundamental, polo tanto, atopar un camiño que aclare esta difícil situación. Un camiño que permita que a infancia e a mocidade teñan un fío de esperanza no futuro.

Un camiño de xenerosidade

Desde esta guía queremos partir dun punto de apoio no que se poida soste, de forma universal, a nosa proposta educativa. E ese punto de apoio non é outro que a Declaración Universal dos Dereitos Humanos. En concreto, no seu artigo 1:

«Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos e, dotados como están razón e conciencia, deben comportarse fraternalmente os uns cos outros».

Este artigo reflicte os dereitos á liberdade e á igualdade, pero tamén a obriga, si, obriga, da fraternidade entre os seres humanos.

Por outra banda, na Declaración de Xenebra, na Carta Primeira dos Dereitos do Neno, no seu artigo 5, recóllese o seguinte: «A nenez debe ser educada no sentimento de que ten que poñer as súas mellores calidades ao servizo do próximo» (Jebb, 1923).

Creemos que aquí pode estar a clave para unha educación acorde cos retos que este tempo trouxo para a humanidade. Unha educación baseada no dereito do alumnado a ser educado na fraternidade e na xenerosidade.

Por honestidade e sentido común, non podemos seguir mirando para outro lado. Non podemos impedir que esta xeración adquiera instrumentos que lles sirvan para afrontar estes inquietantes retos que lle trouxo o século. XXI.


O papel da escola para un desenvolvemento sostible

Precísanse, pois, centros educativos que proporcionen unha educación valiosa para resolver a encrucillada dos retos do século. XXI.

Na LOMLOE, nos preámbulos do «Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación primaria», e do «Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria» fálase de «adaptar o sistema educativo aos retos do século XXI, de acordo cos obxectivos marcados

pola Unión Europea e a UNESCO para a década 2020-2030». Máis concretamente, no anexo I, «Perfil de saída do alumnado ao termo da ensinanza básica», especificase que «a vinculación entre as competencias clave e os retos do século XXI é a que lle dará sentido á aprendizaxe, ao achegar a escola a situacións, cuestións e problemas reais da vida cotiá, o que, á súa vez, proporcionará o punto de apoio necesario para promover situacións de aprendizaxe significativas e relevantes, tanto para o alumnado como para o persoal docente. Preténdese garantir que todo alumno ou alumna que remate con éxito o ensino básico e, polo tanto, alcance o Perfil de Saída saiba activar as aprendizaxes adquiridas para responder aos principais retos aos que deberá facerlle fronte ao longo da súa vida» e tamén se afirma que «a meta non é a mera adquisición de contidos, senón aprender a utilizalos para resolver necesidades presentes na realidade».

Polo tanto, temos unha lexislación que aposta por este camiño.



Pero é un camiño polo que temos que buscar algúns piares nos que apoiármonos, e estes poderían ser os seguintes:

- Obxectivos de Desenvolvemento Sostible
- Educación para unha cidadanía global
- Enfoque de xénero
- Convivencia Escolar Positiva e Cultura de Paz
- Protagonismo do alumnado
- Competencias clave
- Aprendizaxe-servizo

OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO

SOSTIBLE: A Axenda 2030 é un chamamento global á acción para acabar coa pobreza, protexer o planeta e mellorar as vidas e as perspectivas de todas as persoas no mundo. Baixo o lema «Sen deixar a ninguén atrás», trátase dun plan para acadar un mundo sostible dende o punto de vista económico, social e ambiental. Xa dixemos que a LOMLOE incorpora os ODS como un elemento esencial para comprender o traballo que terá que afrontar o profesorado no seu quefacer diario na escola. Por iso, poderemos contribuír dende as aulas a acadar as metas dos ODS.

EDUCACIÓN PARA UNHA CIDADANÍA

GLOBAL: É necesaria unha educación que facilite unha cidadanía global xeradora dunha cultura solidaria comprometida na loita contra a pobreza e a exclusión, así como coa promoción do desenvolvemento humano e sostible, para poder conseguir eses obxectivos que nos marcamos.

ENFOQUE DE XÉNERO: Cómpre non esquecer a situación de desigualdade que existe na sociedade con respecto ás mulleres. Por esta

razón, debemos promover transformacións que avoguen pola igualdade e a equidade entre homes e mulleres na sociedade. Analizar aqueles aspectos discriminatorios e abordalos desde un enfoque metodolóxico do coidado. Reflexionar sobre os novos roles masculinos e femininos sen esquecer a importancia de utilizar unha linguaxe non sexista.

CONVIVENCIA ESCOLAR POSITIVA E CULTURA DE PAZ:

Nada do que acontece na escola é posible sen unha boa convivencia, por iso, é moi importante educar para a paz, porque é favorecer o desenvolvemento de habilidades e a adquisición de ferramentas que lle permitan ás persoas e aos persoas conviviren de xeito pacífico ou, o que é o mesmo, viviren sen violencia. Este proceso leva implícita a asimilación de valores como a xustiza social, a igualdade, a cooperación, a solidariedade, o respecto e a autonomía.

PROTAGONISMO DO ALUMNADO:

A participación infantil é un dereito e un dos catro principios fundamentais da Convención sobre os Dereitos da Infancia, xunto aos da non discriminación, o interese superior do neno e o dereito á vida, a supervivencia e o desenvolvemento. Non podemos propoñerlle ao alumnado ningún plan para afrontar os retos do século XXI sen contar co seu protagonismo.

COMPETENCIAS CLAVE:

Considérase que as competencias clave son aquelas que todas as persoas necesitan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego.

As competencias clave responden á necesidade de vincular os retos do século XXI, cos principios e finalidades do sistema educativo.

E agora necesitamos un instrumento capaz de combinar todos estes elementos. E ese elemento non é outro que a aprendizaxe-servizo.

A aprendizaxe-servizo como instrumento para afrontar os retos da humanidade no século XXI

Onde se atopan os retos aos que se enfrenta o alumnado para acadar os obxectivos educativos?

Como unir o éxito educativo co compromiso social?

Podemos afrontar os retos do século XXI á vez que cubrimos as necesidades educativas do alumnado?

A resposta a estas preguntas está na **aprendizaxe-servizo (ApS)**.

Reforestar un bosque, aliviar a soidade das persoas maiores, axudarlle aos refuxiados a se integren ou realizar unha campaña de doazón de sangue son posibles proxectos de aprendizaxe-servizo nos que se abordan necesidades reais da contorna inmediata e implican aprender a levalas a cabo.

Tal e como nos lembra o Centre Promotor Aprenentatge Servei de Catalunya, estas propostas educativas deben combinar procesos de aprendizaxe e de servizo á comunidade nun único proxecto ben articulado, onde os participantes aprenden a traballar en necesidades reais da súa contorna co obxectivo de melloralas.

O bosque queimado, as persoas maiores que se senten soas ou a necesidade de sangue nos hospitais son necesidades sociais reais, maniféstanse na contorna, e son tamén o motor de calquera proxecto de aprendizaxe-servizo.

Estas necesidades sociais forman parte dos retos do século XXI. Cando o alumnado asume a responsabilidade de buscar un servizo para resolver ou, polo menos, mellorar unha destas necesidades sociais, tamén asume a necesidade de aprender conceptos, habilidades e actitudes que o axuden a superar ese reto. E, cando comeza este proceso, a escola está poñendo da súa parte para conseguir os **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible**.

Tamén podemos dicir que, para recoñecer a necesidade de repoboar os bosques, é necesaria unha visión do mundo capaz de xerar unha cultura da solidariedade e unha visión holística do planeta, e iso é o que nos proporciona a **Educación para unha cidadanía global**.

Cando desenvolvemos un proxecto de aprendizaxe-servizo, é fundamental non esquecer o **enfoque de xénero**, non só porque haxa necesidades sociais que estean directamente relacionadas co xénero, senón porque en cada proxecto,

independentemente da súa temática, hai un enfoque de xénero que nos amosa un aspecto oculto da realidade. Por exemplo, as necesidades dos homes e mulleres maiores son as mesmas?

Nos proxectos ApS, o alumnado vai coñecer determinados aspectos que son necesarios para unha **Convivencia Escolar Positiva** como son a existencia dos demais, a existencia de límites, o coidado e a utilidade da empatía e da colaboración. Tamén desenvolverá unha **Cultura de Paz** buscando relacións non competitivas, nas que non haxa que perder para poder gañar e onde se beneficie do sentimento de compromiso e solidariedade.

E faremos todo isto co **protagonismo do alumnado**. Porque temos que partir de que a ApS se basea en pedirlle axuda aos estudantes para resolver problemas sociais e, polo tanto, partimos da confianza de que, como di Roser Batlle, «non son os cidadáns e cidadás do futuro senón os cidadáns e cidadás do presente» (Batlle, 2007). Polo tanto, asumimos que son un recurso imprescindible para mellorar a contorna. Deste xeito, ademais de solucionar problemas sociais, poderemos loitar contra o desinterese polos estudos e o absentismo, e poderemos atopar a inclusión e o benestar na escola.

E, finalmente, non podemos esquecer que os proxectos de aprendizaxe-servizo non poden ser algo paralelo ao currículo que se debe traballar nos centros educativos. A ApS pode e debe estar vinculada á consecución das **competencias clave**. Ademais, podemos afirmar que é unha das mellores formas de poder traballalas na escola.

En que consiste a metodoloxía de aprendizaxe-servizo?

Algo máis que metodoloxía

O primeiro que hai que dicir é que a aprendizaxe-servizo é unha metodoloxía moi eficaz porque proporciona ferramentas para afrontar o reto de conseguir unha aprendizaxe significativa. Pero non é só iso, porque tamén é unha filosofía educativa, é dicir, unha forma de entender a educación que permite que o alumnado se converta en protagonista na mellora da contorna traballando o pensamento crítico e o seu compromiso cívico. E, por último, tamén é unha ferramenta de desenvolvemento comunitario, xa que é un elemento de cohesión da comunidade que incrementa o capital social.

En definitiva, a ApS non só é unha forma idónea de abordar o currículo competencial, senón que tamén nos servirá para facer o alumnado protagonista da mellora da súa contorna, con todos os beneficios educativos e sociais que iso supón.

A aprendizaxe-servizo proporciona unha roda benéfica para o labor educativo, xa que a aprendizaxe realizada polo alumnado enriquecerá o servizo que precisa a contorna para mellorar e ese servizo daralle sentido á aprendizaxe necesaria.

A continuación, podemos coñecer algúns proxectos premiados nos Premios Nacionais de Aprendizaxe-Servizos onde veremos estas características explicadas anteriormente:

Proxecto	Centro	Nível	Resumo	Ligazón
Patrullas solidarias	EEl Julio César Sevilla	Infantil cinco anos	<p>Alumnado de infantil de cinco anos facilita o día a día do alumnado de tres anos: acollen e acompañan a quen o precisa á clase no momento da entrada, ensinan, e colaboran, na adquisición de hábitos de autonomía, axudan durante o tempo de recreo.</p> <p>Neste proxecto colaboran a Plataforma de Voluntariado de Andalucía e o Concello de Sevilla.</p>	Premio Entidades Sociais RedApS (aprendizajeservicio.net)
O noso río precisa de ti	CEIP Ecoescola La Inmaculada de Salar (Granada)	5.º de primaria	Despois do descubrimento da vertedura de augas residuais ao río e a consecuente contaminación, o alumnado levou a cabo unha campaña de concienciación cidadá para cambiar os hábitos dos seus veciños, organizaron marchas, chamaron a atención dos medios de comunicación e presionaron os poderes públicos, co que conseguiron que a Junta de Andalucía construíse na localidade unha EDAR (Estación Depuradora de Augas Residuais).	https://www.aprendizajeservicio.net/premio-aps-en-infantil-y-primaria/
#MóvilesDeSangue	CEIP Marqués de la Real Defensa de Tafalla (Navarra)	6.º de primaria	O alumnado realiza unha campaña de concienciación sobre o coltán e as súas terribles repercusións na República Democrática do Congo. Organizan unha campaña para recoller teléfonos móbiles vellos para reciclalos, conseguen unha achega económica para mellorar as condicións de vida das comunidades congoleesas, axudan a recuperar o hábitat de chimpancés e gorilas e apadriñan dez chimpancés do santuario de Tchimpounga de Jane Goodall.	https://www.aprendizajeservicio.net/premio-cooperacion-al-desarrollo-3/
Sentir La Isleta. Convivir para entender	IES La Isleta de Las Palmas de Gran Canaria	1.º de bachillerato	O alumnado fomenta a convivencia real con mozos e mozas migrantes que se atopan nun campamento de acollida situado no centro do barrio. Entre todos organizan un obradoiro de bicicletas cedidas pola comunidade, arranxándoas e poñendoas ao servizo de colectivos do barrio.	https://www.aprendizajeservicio.net/premio-inmigracion-y-convivencia-5/

Estes catro proxectos que foron premiados nos Premios Aprendizaxe-Servizo teñen en común, como todos os proxectos ApS, catro elementos esenciais:



Definamos cada un destes elementos:

Necesidade social

A necesidade social en ApS é unha situación do contorno que está a fallar ou se pode mellorar e para a que é posible achegar algún tipo de solución. É a xustificación do servizo á comunidade que realizará o alumnado. É o motor dos proxectos. Nos exemplos anteriores, estas necesidades serían os problemas provocados polo COVID, a necesidade de integración dos mozos e mozas emigrantes, a falta dunha estación depuradora de augas residuais ou a necesidade de concienciar sobre o coltán.

A percepción dun problema na realidade non sempre xorde de forma espontánea. Debe estar motivado e esixe unha mirada crítica e comprometida da realidade, xa que o concepto de necesidade social é un concepto complexo e dinámico que ten un alto carácter temporal e contextual. Se detectamos unha necesidade social e decidimos actuar sobre ela, é tamén unha oportunidade para afondar no problema atopado e para comprender o seu alcance real. É moi importante entender que para descubrir as necesidades sociais necesitaremos desenvolver a

empatía e comprender a complexidade dos fenómenos sociais. Teremos que abrir os ollos e o corazón.

Por outra banda, a confusión entre **as necesidades sociais do medio** e **as necesidades educativas do alumnado** é moi habitual. Isto ocorre porque as necesidades educativas dos rapaces e mais das rapazas adoitan ser percibidas como necesidades sociais polo profesorado. Pero, aínda que sexa así, debemos centrarnos nas necesidades dos demais, porque buscamos o apoderamento do alumnado e poñer en valor as súas capacidades para actuar sobre o medio. Queremos fomentar o seu protagonismo. Por iso non deben ser os destinatarios da axuda, senón os principais actores. Isto tamén facilitará que, unha vez conseguidos os obxectivos externos, se poidan abordar os propios problemas desde unha perspectiva máis favorable e consciente.

Servizo á comunidade

EO servizo á comunidade é a solución que o alumnado inventa para dar resposta á necesidade social. Campañas para mellorar a depuración da auga ou para conseguir doazóns de móbiles, actividades para a convivencia cos menores

migrantes ou diversas accións para mellorar a vida das persoas vulnerables na pandemia son os servizos deseñados nos proxectos que vimos.


Unha das características do servizo comunitario tal e como o entende a aprendizaxe-servizo e que se aprecia nos catro proxectos é a presenza do outro, do outro descoñecido. É dicir, os beneficiarios son persoas que chegaron á illa en pateras, persoas que viven no Congo ou persoas vulnerables. E, no caso da depuradora, é toda a vila a que se beneficia do proxecto.

Tamén é importante aclarar que é fundamental que o alumnado sexa quen desenvolva os servizos á comunidade porque, de non ser así, estaríamos a desaproveitar todo o potencial educativo que teñen os actos solidarios.

Todos estes proxectos móstranos que a ApS funciona como unha máquina de xerar empatía. Pero é importante que o servizo dea resposta a unha necesidade social onde se exerza a solidariedade. Neste sentido, é tamén pertinente apoiarse nas palabras de María Nieves Tapia, fundadora e directora do Centro Latinoamericano de Aprendizaxe e Servizo Solidario (CLAYSS), quen afirma que «é fundamental diferenciar entre o enfoque asistencialista e o enfoque da promoción dos dereitos humanos» (Tapia, 2000) cando abordamos un proxecto de aprendizaxe-servizo. Non é unha cuestión de caridade, senón de xustiza. Lembramos aquí a obriga de tratámonos fraternalmente como recolle a Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

Aprendizaxe

Que se pode aprender a través de proxectos de aprendizaxe-servizo? Segundo Roser Batlle, no seu libro *Aprendizaje-servicio, compromiso social en acción* (Batlle, 2020), en termos xerais, a aprendizaxe-servizo proporciónalle ao alumnado oportunidades de aprendizaxe que poderíamos ordenar en **cinco áreas**:



Competencias e coñecementos. Os diferentes temas dos proxectos ApS darannos a oportunidade de afondar en todos os aspectos curriculares que propón a LOMLOE, especialmente nos aspectos competenciais, porque dende a ApS podemos abordar os catro piares da educación para o século XXI presentados por Jaques Delors (1996): aprender a coñecer, aprender a facer, aprender a ser e aprender a convivir. Tamén poderíamos engadir unha quinta competencia que achega a cidadanía global, que é aprender a transformar.

Autoestima. O feito de que a sociedade lle pida axuda e a posibilidade de poder mellorar a contorna e mudar a realidade xerará unha enorme satisfacción no alumnado. Tamén terá a

oportunidade de ser recoñecido pola entidade social ou polas persoas destinatarias.

Habilidades sociais. Porque o alumnado vai precisar organizarse para acadar un obxectivo común e, para iso, terá que traballar en equipo e xestionar os conflitos inherentes á realización de tarefas en común. Tamén deberá desenvolver habilidades comunicativas coas persoas alleas ao centro educativo e na difusión dos propios proxectos.

Valores humanos. Porque se aprenden de forma práctica, non de xeito teórico, senón a partir da vivencia, a experiencia e a construción de hábitos. Hai unha proposta constante para traballar a empatía e a solidariedade, e é unha boa forma de ensinarlle ao alumnado que a dinámicas competitiva non é a máis axeitada para resolver problemas comúns.

Participación cidadá. Esta área representa un feito diferencial que só proporciona a ApS, xa que traballar en situacións reais é unha forma de entender a cidadanía baseada na participación activa e na contribución á mellora da calidade de vida da sociedade e da dignidade humana. É o verdadeiro xeito de exercer a participación cidadá.

A través dos proxectos de aprendizaxe-servizo temos que darlle ao alumnado a oportunidade de mirar ao seu redor e decidir se está ben o que ve para que teña a oportunidade de mudalo.

 **Aprender non é reproducir, senón que aprender é innovar.**

Josep María Puig, 2021

Este é outro aspecto da aprendizaxe que se desenvolve na ApS e que nos lembra Josep María Puig. Na ApS é necesario innovar constantemente, xa que os retos que se asumen requiren novas respostas.

E outro aspecto que debemos destacar é que é unha aprendizaxe que ten como protagonista ao alumnado porque é fundamental pedirlle axuda, xa que é un recurso insubstituíble para poder resolver os problemas sociais.

Traballo en rede

Temos que partir de que para levar a cabo un proxecto de aprendizaxe-servizo é necesaria a axuda dos axentes que traballan na contorna. Os centros educativos precisan de entidades sociais, ONG, concellos, etc., porque, ás veces, son o noso guía, as que, en moitas ocasións, nos conectan coas necesidades sociais sobre as que imos traballar; son tamén unha mostra de persoas comprometidas que serven de referentes positivos para o noso alumnado. Pero todo iso require dun traballo en rede, necesitamos que outros nos fagan máis fortes, co obxectivo non só de mellorar os obxectivos educativos, senón tamén os sociais.

Esta alianza necesaria proporcionaralle ao profesorado a posibilidade de entrar no mundo das necesidades sociais, un mundo que non ten por que

coñecer, pero que é fundamental para poderlle dar resposta aos retos globais que propón a LOMLOE.

O traballo en rede só ten sentido se todos gañan: o alumnado adquirirá novos coñecementos e competencias e poderá entrar en contacto coa realidade. E as entidades e persoas destinatarias conseguirán difusión, visibilidade, apoio e axuda na mellora dos seus obxectivos.

O primeiro paso que ten que dar a escola é coñecer as entidades e as súas iniciativas. E ofrecer un papel diferente ás entidades dos centros educativos, un papel que cambiará radicalmente o lugar que ocupan. En xeral, a relación entre entidades e centros educativos redúcese a charlas illadas para concienciar sobre algunha cuestión. Nos proxectos ApS, as entidades pasan a formar parte dun equipo de traballo no que non só se terán que coordinar, senón que tamén deberán cooperar nun traballo en rede.

Competencias clave como resposta aos retos dun mundo globalizado

Na proba diagnóstica que fixo o alumnado de 4.º de primaria no curso 2006/07, preguntábase pola situación ambiental provocada polos coellos a primeira vez que desembarcaron en Australia cando os levaron os ingleses. O alumnado non sabía como abordar estas preguntas e o profesorado sentíase perdido porque isto non estaba nos libros de texto que utilizaban.

Con estas probas, as competencias chegaran á nosa realidade escolar. O texto non lle pedía ao

alumnado que repetise un contido que estudara, senón que utilizase os seus coñecementos para responder a unha pregunta na que debía poñer en xogo a súa capacidade para relacionar o texto con aquelas habilidades que lle permitisen extraer consecuencias e, polo tanto, aplicar o que sabía a un contexto determinado.

Esta aparición e os baixos rendementos competenciais que se evidenciaban crearon unha crise nos centros educativos. Unha crise por incoherencia:

No que, porque a normativa educativa pedíanos partir das competencias e nos centros partíase dos contidos.

No como, porque as escolas e institutos compartimentaban o saber en materias e as competencias pedíanos que lle axudásemos o alumnado a integrar saberes.

E no para que, xa que as clases se baseaban en conseguir que o alumnado reproducise os coñecementos de forma descontextualizada co obxectivo principal de aprobar a materia, e as competencias nos propuñan darlle ao alumnado un contexto no que desenvolver os coñecementos.

Era, e segue a ser, difícil encaixar competencias clave na nosa tarefa educativa, pero, que entendemos por competencia clave?

Poderíamos definilo como a forma na que unha persoa utiliza todos os seus recursos para resolver tarefas nun contexto determinado. Polo tanto, parece que non se trata tanto de encher a cabeza de contidos como de poñela a funcionar.

Cando buscamos profesionais para operarnos, queremos que sexan competentes. Pero que significa esta palabra neste contexto?

Quere dicir que debe ser unha persoa que teña amplos coñecementos sobre medicina, pero tamén que saiba o que ten que facer con eses coñecementos na mesa de operacións e que teña un tratamento axeitado ás circunstancias de vulnerabilidade nas que nos atopamos nese momento.

O currículo por competencias ten un encaixe difícil, en parte polo peso que a tradición ten na visión da aprendizaxe da maioría da sociedade: as probas de nivel sempre foron deseñadas para medir os coñecementos do alumnado en áreas concretas e non as súas competencias.

Isto parece estar a estar a mudar coa nova ABAU. Este xiro faise necesario se queremos facerlle fronte ao reto que nos marcan as avaliacións externas e internacionais, xa que esta proba de acceso á universidade determina en boa medida a proposta educativa, sobre todo nos últimos cursos de bacharelato. Cómpre reflexionar sobre se estamos a darlle a resposta adecuada ás demandas da sociedade actual para poder deseñar con sentido común as probas que lle poñemos á mocidade para acceder ao mundo adulto.

Na nova lei educativa (LOMLOE) establécense como marco de referencia as competencias clave para a aprendizaxe permanente como marco de referencia.

Esta lei establece as seguintes competencias:

- Competencia en comunicación lingüística. (CCL)
- Competencia plurilingüe. (CP)
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría. (STEM)
- Competencia dixital. (CD)
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender. (CPSAA)
- Competencia cidadá. (DC)
- Competencia emprendedora. (CE)
- Competencia en conciencia e expresións culturais. (CCEC)

LA normativa educativa propón que o proceso de ensino-aprendizaxe debe desenvolverse nun ámbito que invite ao alumnado a investigar, a aprender, a construír o seu coñecemento e, deste xeito, o seu papel non se limita a reproducir, adherirse ou aceptar, senón que deberá tomar decisións fundamentadas, participar activamente e responsabilizarse da súa aprendizaxe, mentres que o profesorado, ademais de mediar entre o alumnado e o contexto no que se desenvolve a aprendizaxe, debe programar e deseñar as tarefas que permitirán ao alumnado desenvolver as súas competencias.

Ás veces, ponse como desculpa, para non traballar por competencias, o risco de baixar o nivel de coñecementos do alumnado. Non obstante, a ensinanza por competencias require un maior dominio dos coñecementos, xa que non se ten que repetir nun exame, senón que se deben empregar

nun contexto determinado. Búscase a operatividade e a destreza, e fócese de exercicios repetitivos ás veces innecesarios ou inadecuados para acadar os obxectivos que nos propoñemos co alumnado.

O profesorado, independentemente do nivel no que traballe, deberá realizar as seguintes tarefas:

- 1. Concretar o currículo nunha programación.**
- 2. Inventar situacións didácticas que aseguren que o alumnado aprenda o que se propuxo.**
- 3. Avaliar en que grao o conseguiu.**

Todo isto se pode facer baseándose ou non no libro de texto. A única condición é que o material educativo que empreguemos responda ao que propón a normativa educativa. De non ser así, o profesorado cometerá un erro, por moi aceptado que estea profesional e socialmente. A zona de confort do profesorado non pode ser o incumprimento da normativa vixente.

É importante diferenciar os elementos do currículo, xa que a partir de aí se pode articular a resposta educativa axeitada.

Os elementos que conforman a nova estrutura do novo currículo son: obxectivos, competencias clave, competencias específicas, criterios de avaliación, saberes básicos e situacións de aprendizaxe. Á vista destes elementos, poderíase dicir que a tarefa que terá que acometer o profesorado podería formularse deste xeito: crear situacións de

aprendizaxe que lle permitan ao alumnado acadar un nivel de dominio satisfactorio nas competencias clave do Perfil de saída.

Para comprender o que nos pide a normativa educativa, debemos organizar estes elementos respondendo ás seguintes preguntas: para que ensinar, que ensinar, con que ensinar, como ensinar e como avaliar.

Por que ensinar?

O profesorado debe considerar a finalidade do seu traballo e para iso dispón de dous instrumentos fundamentais. Un é a **normativa vixente**, sexa cal sexa, xa que está obrigado a cumprir a lei.

O outro é o **proxecto educativo** dos centros, que é o documento que marca o itinerario pedagóxico e formativo que debe desenvolver cada centro educativo, tendo en conta o seu contexto e características para acadar o mellor nivel.

Os centros educativos, polo tanto, ensinan para conseguir que o alumnado alcance os obxectivos e competencias que a lei establece para cada unha das etapas nun contexto determinado.

A LOMLOE achega un novo elemento para axudar a definir mellor este itinerario educativo. Este elemento é o **Perfil de saída**. O Perfil de saída do alumnado ao remate da educación básica é a ferramenta na que se concretan os principios e finalidades do sistema educativo español referidos ao devandito período. O Perfil identifica e define, en relación cos retos do século XXI, as competencias clave que se espera que o alumnado desenvolva ao rematar esta fase do seu itinerario formativo.

A fin que se busca é que o alumnado alcance os obxectivos establecidos na etapa e acade o grao de adquisición das competencias clave previstas no Perfil de Saída.

O Perfil de saída identifica e define, en relación cos retos do século XXI, as competencias clave que o alumnado deberá desenvolver ao rematar a educación básica e introduce pautas sobre o nivel de rendemento agardado ao final da educación primaria. E faino a través dunha serie de descritores, os descritores do Perfil de Saída: en total son trinta e catro descritores operativos das oito competencias clave que o alumnado debe adquirir ao remate das distintas etapas educativas.

Que ensinar?

O profesorado ten que especificar na súa materia todo este itinerario que describimos anteriormente. A LOMLOE achega un novo elemento para axudar a marcar o que hai que ensinar. Este elemento é a competencia específica. E é o elemento que conecta coas competencias clave.

As competencias clave sempre foron difíciles de encaixar nas materias, por esta razón apareceron as competencias específicas que nos sinalan o que temos que ensinar en cada unha das áreas relacionando cada unha das competencias clave coas distintas materias. É unha das grandes novidades curriculares que recolle esta lei.

As competencias clave e os obxectivos da etapa son elementos do currículo vinculados á propia etapa educativa. As competencias específicas (vinculadas

a cada área, materia ou ámbito) permiten conectar as competencias clave con outros compoñentes específicos da área.

É dicir, as competencias clave concrétanse nas competencias específicas e as competencias específicas contribúen á adquisición das competencias clave desde cada unha das áreas.



Con que ensinar?

Un dos cambios significativos que trae a LOMLOE é que o termo **contido** desaparece e é substituído polo termo **saberes básicos**.

Hai unha frase recollida no anexo I dos reais decretos que pode axudarnos a comprender este cambio: «A meta non é a mera adquisición de contidos, senón aprender a utilizalos para resolver necesidades presentes na realidade». Para aprender a utilizalos, a proposta educativa non se pode reducir a estudar uns conceptos coa única finalidade de reproducilos nun exame. Por este motivo aparecen os saberes básicos. No marco da LOMLOE, os saberes básicos son «coñecementos, habilidades e actitudes que constitúen os contidos propios dunha materia ou ámbito cuxa aprendizaxe é necesaria para a adquisición das competencias específicas».

É dicir, non son só coñecementos (saber), senón tamén destrezas (saber facer) e actitudes (saber ser). Estes son, se lembramos o dito anteriormente, os tres elementos que constitúen as competencias clave.

En cada unha das áreas ou materias correspondentes a cada etapa educativa, os saberes básicos serán os contidos, destrezas e actitudes que o alumnado debe mobilizar no proceso de adquisición e desenvolvemento das competencias específicas da área ou materia.

Como ensinar?

Á vista dos elementos anteriores, poderíase dicir que a tarefa que terá que acometer o profesorado podería formularse deste xeito: crear situacións de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado acadar

un nivel de dominio satisfactorio nas competencias clave do Perfil de saída.

As competencias adquirense a través de **situacións de aprendizaxe** (SdA) e para iso é necesario mobilizar os coñecementos implicados na devandita actuación. As SdA permiten mobilizar e aplicar os coñecementos aprendidos na resolución de problemas ou ante situacións que requiren o desenvolvemento de coñecementos específicos.

Os elementos que conforman o novo currículo prescrito están orientados a xerar SdA nas que o alumnado, en calquera das etapas, poida ter a oportunidade de acadar un nivel de dominio das competencias clave.



Como avaliar?

En todos os desenvolvementos legislativos desde 2006, data de aparición das competencias na nosa normativa, as referencias para a avaliación son os **criterios de avaliación**.


No marco da LOMLOE, os criterios de avaliación son referencias que indican os niveis de rendemento agardados do alumnado nas situacións ou actividades ás que se refiren as competencias específicas de cada materia ou ámbito nun momento determinado do seu proceso de aprendizaxe.

Os criterios de avaliación xorden das competencias específicas. Cada competencia específica menciona

as accións que se deberán realizar para adquirir as capacidades ás que fai referencia. Os criterios de avaliación están vinculados a estas accións e axudan a concretar o nivel de consecución ou desempeño da devandita competencia.

Unha única competencia pódese avaliar a través de varios criterios. Deste xeito, concréntanse as diferentes actuacións que require o proceso de adquisición dunha competencia específica. No anexo II dos reais decretos recóllense os criterios de avaliación de cada materia. Estes criterios, á súa vez, poden graduarse para os distintos ciclos, en función das características da materia, área ou ámbito á que estea vinculado o criterio de avaliación.

Poderíamos dicir que o criterio de avaliación é un elemento imprescindible para abrir a porta do currículo.



Nesta táboa podemos resumir os elementos. Partimos das **competencias específicas** da área. Esta competencia específica está vinculada aos **obxectivos e competencias** mediante os **descritores de saída**, baseados en **coñecementos**

básicos, e o grao de consecución avaliarase mediante un **criterio de avaliación**.

Todo isto desenvolverase a través dunha **situación de aprendizaxe**.

A continuación, podemos ver un exemplo:



3

Como se vincula a aprendizaxe-servizo coa lexislación vixente?

A ApS como instrumento de desenvolvemento curricular

A LOMLOE céntrase na adquisición de competencias e abre a porta a experiencias máis vivenciais e participativas en Educación para a Cidadanía Global, así como integradas no currículo a través da metodoloxía de aprendizaxe-servizo.

A proposta educativa da ApS consiste en compaxinar a adquisición de competencias cunha acción de servizo a favor da comunidade na contorna máis próxima ou a comunidade global, é dicir, do planeta.

A LOMLOE propón o servizo á comunidade como estratexia pedagóxica fundamental para promover o compromiso cívico e social, a aplicación de coñecementos e habilidades en situacións reais e para mellorar os vínculos entre a escola e a comunidade.

A mellor forma de prestar servizo comunitario nos centros educativos é a través da aprendizaxe-servizo. Tamén é a mellor forma de vincular as competencias clave cos retos do mundo globalizado.

A ApS é unha estratexia que pode ofrecer unha educación de calidade sen esquecer o desenvolvemento sostible, polo tanto, a aprendizaxe-servizo é un instrumento fundamental para que a escola axude na aplicación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, xa que proporciona un contexto transformador onde se achegan solucións a necesidades reais.

Esta proposta educativa facilita os obxectivos da Educación para a Cidadanía Global e faino a través dun ambiente educativo favorecedor e propenso a procesos de aprendizaxe, cunha relación máis directa co que se aprende e como se aprende na educación formal e o que se fai e como se fai non só fóra do centro educativo, senón na comunidade, na sociedade da que forma parte o centro educativo.

O enfoque competencial da LOMLOE pódese desenvolver nos proxectos ApS en cada unha das competencias:

COMPETENCIA CLAVE	ACHEGA DA APRENDIZAXE-SERVIZO
Competencia en comunicación lingüística. (CCL)	Pódese desenvolver en todos os proxectos, xa que o alumnado terá que utilizar tanto a linguaxe oral coma a escrita. En todos os proxectos terán que falar, escoitar, ler e escribir. É especialmente importante aproveitar o proxecto para traballar os medios de comunicación e ofrecer lecturas relacionadas coas necesidades descubertas.
Competencia plurilingüe. (CP)	Os proxectos de ApS que implican a comunidades de fala estranxeira permítenlle aos estudantes practicaren e melloraren a súa fluidez noutras linguas, ademais de se sensibilizaren culturalmente.
Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría. (STEM)	O alumnado aplica os coñecementos matemáticos e científicos a problemas reais. Por exemplo, pode participar en proxectos de sostibilidade ambiental, onde analiza datos e utiliza o método científico para atopar solucións.
Competencia dixital. (CD)	A través da investigación, a comunicación e a presentación de proxectos, o alumnado desenvolve habilidades dixitais. Usan tecnoloxías para planificar e documentar as súas actividades de servizo e para difundiren os seus resultados.
Competencia persoal, social e de aprender a aprender. (CPSAA)	O alumnado desenvolve a capacidade de autorregular a aprendizaxe, reflexionando sobre as súas experiencias, identificando os seus puntos fortes e débiles e adaptando as súas estratexias de aprendizaxe para que sexan máis eficaces. Tamén implica a capacidade de colaborar con outros de forma construtiva.
Competencia cidadá. (DC)	A ApS promove o compromiso cívico e a responsabilidade social. O alumnado aprende sobre o funcionamento da súa comunidade, desenvolve empatía e convértese en persoas activas e comprometidas. É a competencia que se pode desenvolver máis e mellor coa aprendizaxe-servizo.
Competencia emprendedora. (CE)	O alumnado identifica necesidades da súa comunidade e desenvolve proxectos para abordalas, promovendo a creatividade, a innovación e a capacidade de xestión de proxectos, desde a planificación ata a execución e a avaliación.
Competencia en conciencia e expresións culturais. (CCEC)	A través da participación en proxectos que adoitan ter un compoñente cultural, o alumnado aprende a apreciar e respectar a diversidade cultural, e desenvolve habilidades para expresarse artisticamente e culturalmente.

A aprendizaxe-servizo, ademais de ofrecer a posibilidade de traballar o currículo competencial proposto pola LOMLOE, ofrécenos toda unha serie de vantaxes adicionais para traballar a ECG e as competencias clave dun xeito significativo, e darlle así resposta aos retos do século. XXI.

A ApS ofrece a oportunidade de que o alumnado teña que realizar unha tarefa competencial porque vai conseguir un servizo que dará sentido a todas as aprendizaxes.

José Moya e Florencio Luengo, fundadores do proxecto Atlántida, propoñen, para o traballo competencial, nove formas de pensar ou procesos cognitivos a partir da taxonomía de Bloom:

- Pensamento analítico
- Pensamento reflexivo
- Pensamento lóxico
- Pensamento analóxico
- Pensamento SISTÉMICO
- Pensamento crítico
- Pensamento deliberativo
- Pensamento creativo
- Pensamento práctico

O ideal é que as propostas educativas sexan o suficientemente ricas como para poder abordar a máxima riqueza dos procesos cognitivos.

Cos proxectos de aprendizaxe-servizo, estes nove pensamentos pódense abordar con naturalidade, enmarcándoos en tres fases esenciais para o seu desenvolvemento:

FASE 1: ANÁLISE

1. Todos os proxectos de ApS comezan cunha **análise** da contorna onde se atopan as necesidades sociais. É necesario descubrir as causas e ver as consecuencias destas.

FASE 2: REFLEXIÓN

2. A partir de aquí, o alumnado debe **reflexionar** sobre o que analizou.
3. Despois ordenará o paso das causas ás consecuencias cun pensamento **lóxico**.
4. Debe tamén comparar situacións para, por exemplo, ver as diferenzas entre unha situación xusta e a que se atopa actualmente a través dun proceso cognitivo **analóxico**.
5. Tamén debe relacionar a necesidade atopada e as súas circunstancias co contexto social a partir dun pensamento **SISTÉMICO**.
6. Despois deste percorrido cognitivo, o alumnado está en condicións de vulgar a situación cun verdadeiro criterio e poderá, polo tanto, poderá exercer o seu pensamento **crítico**.

FASE 3: COMPROMISO

7. Nesta fase, o alumnado poderá **deliberar** e decidir como actuar para resolver o problema.
8. É hora de inventar solucións co pensamento **creativo**.
9. Por último, o proxecto debe levar a cabo o proxectado, co que se acaba utilizando o pensamento **práctico**.

1

ANÁLISE

1. Pensamento analítico

Analiza a realidade: as súas causas e consecuencias

2. Pensamento reflexivo

Reflexionar sobre esa realidade

3. Pensamento lóxico

Ordea o paso das causas ás consecuencias

2

REFLEXIÓN

4. Pensamento analóxico

Compara situacións

5. Pensamento SISTÉMICO

Relaciona co contexto

6. Pensamento crítico

Xuzga a situación

7. Pensamento deliverativo

Decide actual para resolver o problema

3

COMPROMISO

8. Pensamento creativo

Inventa solucións

9. Pensamento práctico

Realiza o que se proxectou

O ApS nas distintas etapas educativas

A ApS estase a desenvolver en todos os niveis educativos, nos que se atopan experiencias moi válidas dende a educación infantil de cero a tres anos ata a universidade. En niveis non universitarios non hai rexistro de experiencias a nivel administrativo. Podemos dicir que o único rexistro fiable a nivel nacional son os Premios Nacionais de Aprendizaxe-Servizo. Por este motivo imos extraer os datos deste evento para facérmonos unha idea da magnitude dos proxectos ApS.

A Rede Española de Aprendizaxe-Servizo e a ONG Educo, coa colaboración do Ministerio de Educación e Formación Profesional, convocan anualmente os Premios Aprendizaxe-Servizo para niveis non universitarios.



Os obxectivos da convocatoria son:

1. Recoñecer o labor dos centros educativos e das entidades sociais que integran a aprendizaxe de nenos, nenas, mozos e mozas con accións solidarias dirixidas a mellorar a calidade de vida da comunidade.
2. Recoñecer a capacidade dos nenos, das nenas, mozos e mozas, especialmente aqueles con menos oportunidades, para provocar cambios positivos no medio actuando como cidadáns activos.
3. Recoñecer e darlle visibilidade ás prácticas de aprendizaxe-servizo como ferramenta de éxito educativo e de compromiso social, estimulando a súa difusión e implantación.
4. Fortalecer e difundir na sociedade unha cultura de participación, solidariedade e compromiso cívico, con foco na xustiza social e os dereitos humanos.

En 2023, a convocatoria bateu o récord con 475 proxectos presentados, o que supuxo un incremento do 33 % con respecto ao ano anterior. Nestes proxectos participaron máis de 900 centros educativos e entidades sociais.

Presentáronse proxectos de todas as comunidades autónomas sen excepción e dos distintos niveis educativos, primaria (36 %), secundaria (39 %) e

formación profesional (25 %). Estas proporcións son similares ás de anos anteriores.



Gráficos obtidos da memoria 2023 dos Premios de Aprendizaxe-Servizo.

Destes datos, podemos deducir que, aos poucos, a aprendizaxe-servizo se está consolidar como unha forma de traballo habitual nos centros españois e

que se pode aplicar en calquera etapa educativa, coas adaptacións necesarias para cada situación.

4

Como levar a aprendizaxe-servizo á aula?

A aprendizaxe-servizo realízase en todas as etapas educativas, desde infantil de cero a tres anos ata a universidade ou as escolas de adultos. Pero, como xa vimos, é en primaria e secundaria onde hai un maior número de proxectos.

Para levar a cabo un proxecto de aprendizaxe-servizo nestas etapas propoñemos un itinerario cos seguintes apartados:

	Fase de análise
	Fase de reflexión
	Fase de compromiso
	Difusión
	Celebración
	Avaliación




Fase de análise

Como dixemos anteriormente, na aprendizaxe-servizo as necesidades sociais son o motor dos proxectos. Por iso é necesario comezar por facer unha análise das necesidades que existen na contorna. É necesario, polo tanto, deseñar actividades que faciliten a toma de conciencia para analizar a realidade.

Unha necesidade adoita xurdir dunha sensación de carencia. Aínda que a necesidade non sempre ten que estar relacionada cunha carencia esencial, pode ser unha expresión do que se pode mellorar ou reconducir nesa situación.

Conceptos como solidariedade, cooperación ou paz son dificilmente asumibles se non van acompañados dun xeito de ser e de facer consecuentes. Para iso temos que abrir a escola ao mundo proporcionando unha fiestra pola que o alumnado poida mirar.

É importante que o alumnado descubra as causas e consecuencias da necesidade social descuberta. O seguinte esquema tomado da páxina 124 do libro Aprendizaje-servicio, compromiso social en acción de Roser Batlle (2020) pode axudarnos a comprender dun xeito sinxelo como podemos abordar esta fase:



(Batlle, 2020)

Neste gráfico o tronco da árbore é o problema: os accidentes de tráfico. Ante a necesidade de reducilos, o alumnado debe investigar as súas causas e consecuencias. As causas reflíctense nas raíces e as consecuencias nas pólas da árbore.

Nesta fase, as entidades sociais que traballan sobre o terreo poden axudarnos achegando materiais, experiencias e testemuños dos problemas sociais.



Fase de reflexión

A fase de análise é fundamental, pero non abonda se o que queremos conseguir é que o alumnado se comprometa na resolución dos problemas; cómpre darlle a oportunidade de reflexionar, recollendo datos e puntos de vista sobre a situación. Nesta fase debe descubrir o que lle achega a comunidade na que vive e tamén o que lle achega a súa propia experiencia persoal: as aprendizaxes que se foron adquirindo ao longo da vida e que deben ampliarse, actualizarse e revisarse. É unha oportunidade para traballar a educación emocional e a metacognición.

Débese comezar por coñecer o traballo das entidades, pero o alumnado debe tamén coñecer o que pensan outros colectivos que poden axudar na mellora da necesidade social. Por exemplo, que achega o concello ao proxecto? Que pensan as familias? Que pensan os compañeiros e as compañeiras?

En definitiva, a fase de reflexión é fundamental no percorrido que debe realizar o alumnado ata acadar un compromiso crítico. Neste proceso, débense

utilizar estratexias cognitivas como a lóxica, as analoxías e o pensamento SISTÉMICO, para que a determinación de cambiar a contorna recaia en decisións moi meditadas.



Fase de compromiso

Esta é a fase práctica. Aquí, o alumnado, unha vez concienciado, decidirá o servizo para dar resposta á necesidade social e a forma en que o levará a cabo. Este será o momento máis emocionante do proceso, xa que descubrirá a súa capacidade para transformar a realidade.

Este tipo de proxectos permítennos traballar certos aspectos como o esforzo e a responsabilidade, nos que ás veces nos resulta difícil influír cando utilizamos outras estratexias educativas. Trabállase tamén a asistencia (ninguén quere perderse nada), a puntualidade (está desexando que chegue o momento) e o traballo ben feito (queren que o seu traballo teña o mellor resultado). É un momento moi importante, xa que descubren que o que aprenden ten sentido.

Non obstante, aínda debiamos esixirnos un pouco máis a nós mesmos. É moi importante realizar o servizo, pero sería insuficiente se non fose o inicio do camiño cara ao compromiso, é dicir, non só é importante que os nenos e nenas sexan capaces de limpar unha zona deteriorada nun río, senón que se comprometan cunha actitude de respecto polo medio ambiente e que este compromiso estea sempre presente nas súas vidas.

Podemos dicir que isto é unha constante que se cumpre en boa medida, e o alumnado atopa na ApS o instrumento idóneo para comprometerse co mundo xusto e solidario que nos propón a Educación para a Cidadanía Global.



Difusión

Os proxectos de aprendizaxe-servizo non deben quedar no anonimato das aulas. É moi importante que se coñezan para ampliar o seu impacto social e educativo.

Ao longo do proxecto é recomendable rexistrar con fotografías e vídeos breves as tarefas contidas na acción solidaria. Ademais, é recomendable difundir a voz nas redes sociais e conseguir que os medios se fagan eco do proxecto. Para esta tarefa necesitaremos o visto e praxe das familias, da entidade social e das persoas destinatarias. Debemos contar co alumnado para tomar decisións sobre as formas de comunicación e o seu protagonismo nelas.

A difusión debe facerse dentro do propio centro e tamén fóra. Por exemplo, explicándolle o que perseguimos a alumnado doutros niveis ou ás asociacións familiares do centro. Tamén convocando reunións coas asociacións veciñais ou co propio concello para pedirilles axuda.

Debemos aproveitar as oportunidades que ofrecen os actos escolares para poñer en valor o traballo que estamos a facer. Unha ocasión magnífica son as semanas culturais ou actividades similares que se realizan nos centros educativos. Aquí podemos

atopar formatos axeitados para unha boa difusión do noso proxecto ApS. Tamén é unha magnífica oportunidade para axudarlle ás entidades colaboradoras e dar a coñecer o seu traballo á comunidade educativa.



Celebración

Unha celebración é a mellor forma de rematar o traballo feito. A celebración é necesaria:

- para recoñecer o traballo realizado
- para mellorar a autoestima dos participantes
- para aumentar a conexión e a complicidade coas familias
- consolidar o vínculo coas entidades sociais e as persoas destinatarias
- para facilitar a visibilidade na contorna do traballo realizado

A festa de fin de curso é unha boa ocasión para celebrar o fin do noso proxecto.



Avaliación

A avaliación debería servir para:

- **identificar puntos fortes e débiles do noso proxecto.**
- **facilitar o debate** para reflexionar, compartir e contrastar puntos de vista, expectativas e valoracións das distintas partes implicadas.
- **establecer** plans de mellora realistas e contextualizados.

Para iso debemos revisar o noso traballo coa participación de todas as partes do proxecto:

- alumnado
- facultade
- equipo directivo
- familias
- axentes externos

No anexo I pódense atopar, a modo de exemplo, algúns aspectos que deben ser valorados en cada un destes apartados.

5

Situacións de aprendizaxe con proxectos de aprendizaxe-servizo

Tanto no «Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación primaria», coma no «Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obrigatoria» se definen **as situacións de aprendizaxe (SdA)** como «situacións e actividades que implican o desenvolvemento, por parte do alumnado, de accións asociadas a competencias clave e competencias específicas e que contribúan á adquisición e posta en marcha destas».

/// Tamén di que as situacións de aprendizaxe deben promover aspectos relacionados co interese común, a sostibilidade ou a convivencia democrática, imprescindibles para que o alumnado se prepare para responder con eficacia aos retos do século. XXI.



As comunidades autónomas teñen que concretar a forma de levar a cabo as SdA. Imos tomar como referencia a estrutura proposta da normativa andaluza, xa que é a que máis detalles achega para poder estruturalas:

1. Localización dun centro de interese. Buscar unha situación ou temática que se considere importante para o alumnado no seu quefacer diario e que sexa motivadora por si mesma.
2. Xustificación da proposta. A elección do tema non pode estar falta de xustificación. Debemos apoiarnos nos obxectivos da etapa e nos principios xerais e pedagóxicos para atopar os argumentos que sustenten a proposta. Trataríase de ter claro por que se vai traballar na aula a situación de aprendizaxe.
3. Descrición sinxela e breve do produto final, reto ou tarefa que se pretende desenvolver.
4. Concreción curricular: competencias específicas (obxectivos da materia en Galicia), criterios de avaliación e saberes básicos.
5. Secuenciación didáctica. Breve explicación de «como», «con que», «cando», «onde», etc., se vai desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe.
6. No deseño da secuenciación didáctica deben terse en conta os principios e directrices do Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA).
7. Medidas de atención á diversidade e ás diferenzas individuais, tanto xerais como específicas, que se aplicarán.
8. Avaliación do proceso de aprendizaxe. Para que a avaliación non quede desvinculada do marco curricular, tomaranse como referencia os criterios de avaliación das distintas materias curriculares, a través dos cales se medirá o grao de consecución das competencias específicas. É importante asociar, de forma coherente e adecuada, os distintos instrumentos de avaliación cos criterios correspondentes.
9. Avaliación do proceso de ensinanza. Por último, pero non menos importante, deberase deixar expresado o procedemento de avaliación da práctica docente.

No anexo II mostraremos un exemplo de situación de aprendizaxe primaria e secundaria baseada na aprendizaxe-servizo.

6

Sistematización dos proxectos de aprendizaxe-servizo

Para poder sistematizar proxectos de aprendizaxe-servizo, ímonos basear na guía *Cuéntanos tu proxecto ApS* (Batlle et al., 2022), publicado pola editorial Edebé en colaboración coa Rede Española de Aprendizaxe Servizo e elaborada por catro especialistas da Rede: Roser Batlle, Josemari Aymerich, Javier Torregrosa e Rafa Mendía.

Esta guía describe os quince apartados necesarios para presentar un proxecto aos Premios Aprendizaxe e Servizo e é unha magnífica recompilación dos elementos necesarios para deseñar un bo proxecto ApS:



<p>1. Esquema</p>	<p>É importante que teñamos claro o esquema básico do proxecto que, como xa dixemos anteriormente, ten que reflectir os catro elementos fundamentais da aprendizaxe-servizo: necesidade social, servizo, aprendizaxe e rede de axuda.</p> <div style="display: flex; justify-content: space-around; align-items: center; margin: 20px 0;"> <div style="border: 1px solid #ccc; border-radius: 15px; padding: 10px; background-color: #e0f2f1; width: 200px; text-align: center;"> <p>NECESIDADE SOCIAL</p> <p>Cal é o problema social que o alumnado terá que resolver?</p> </div> <div style="border: 1px solid #ccc; border-radius: 15px; padding: 10px; background-color: #e0f2f1; width: 200px; text-align: center;"> <p>SERVIZO</p> <p>Cal é o servizo que poden facer os alumnos e as alumnas?</p> </div> </div> <div style="display: flex; justify-content: space-around; align-items: center; margin: 20px 0;"> <div style="border: 1px solid #ccc; border-radius: 15px; padding: 10px; background-color: #e0f2f1; width: 200px; text-align: center;"> <p>APRENDIZAXE</p> <p>Que aprendizaxes poderanse desenvolver?</p> </div> <div style="border: 1px solid #ccc; border-radius: 15px; padding: 10px; background-color: #e0f2f1; width: 200px; text-align: center;"> <p>REDE</p> <p>Con que rede de traballo podemos contar?</p> </div> </div>
<p>2. Problema social ou necesidade da contorna á que se atende</p>	<p>No noso proxecto será clave que poidamos definir con claridade o problema social ou necesidade da contorna ao que se pretende dar resposta- Este problema ou reto explicará a razón de ser do noso proxecto.</p> <p>Non debemos confundir as necesidades sociais coas necesidades educativas que presenta o alumnado, aínda que o proxecto repercuta positivamente nelas.</p> <p>A contorna social á que vai dirixida a acción pode ser:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ moi preto, cando detectamos a necesidade na propia comunidade escolar; ■ próximo, cando se detecte a necesidade no barrio ou localidade; ■ distante, cando estamos a falar dun desafío planetario ou que afecta directamente a outros países.
<p>3. Descrición do servizo e das tarefas que contén</p>	<p>Debemos definir claramente en que consistirá o servizo e a súa finalidade, ademais de imaxinar as tarefas e o resultado tanxible que se persegue. Convén ter en conta o nivel do alumnado para adaptar o servizo á capacidade e madurez dos rapaces e rapazas.</p> <p>Tamén hai que promover que sexa realmente o alumnado o que realice o servizo e débese perseguir que teña un impacto visible na contorna.</p>
<p>4. Vinculación cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible</p>	<p>Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible representan un reto moi ambicioso, urxente e, sen dúbida, unha excelente base para impulsar proxectos de aprendizaxe-servizo.</p> <p>Debemos mencionar os obxectivos concretos dos ODS nos que queremos traballar e, sobre todo, buscar unha conexión real co noso proxecto.</p>
<p>5. Necesidades educativas do alumnado</p>	<p>Cando facemos un proxecto de ApS temos uns obxectivos de servizo e uns obxectivos de aprendizaxe. Idealmente, os obxectivos do servizo permitirían cubrir os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos acadar co alumnado.</p> <p>É importante ter en conta as posibilidades e aspectos positivos do grupo participante, a pesar das súas necesidades ou limitacións. Un aspecto fundamental do proxecto será a confianza no alumnado á hora de realizalo.</p>
<p>6. Obxectivos ou habilidades educativas que se traballan</p>	<p>Todos os proxectos de aprendizaxe-servizo pretenden acadar obxectivos educativos adaptados á idade e circunstancias do alumnado participante. Estes obxectivos educativos son coñecementos, habilidades e actitudes que esperamos acadar dos nenos, nenas, mozos e mozas ao longo do proxecto. Ademais dos obxectivos educativos que se queren adquirir, é importante, como vimos anteriormente, vincular o proxecto ApS coas competencias que se van traballar no proceso de aprendizaxe..</p>

7. Actividades de aprendizaxe	<p>Unha vez explicadas as necesidades e os obxectivos educativos que se pretendían acadar, só queda detallar que aprendizaxes queremos desenvolver.</p> <p>Cómpre poder mostrar como se plasmará o enfoque teórico do proxecto en actividades concretas axeitadas aos obxectivos educativos. Para traballar de xeito competencial, pensaremos en programar actividades que promovan unha aprendizaxe significativa ao longo do proxecto.</p>
8. Calendario	<p>É importante programar a orde e a duración das actividades que queremos realizar, tanto as de servizo como as de aprendizaxe. Darlle visibilidade ao calendario de realización do proxecto permítenos valorar a súa magnitude, o esforzo que queremos realizar, a harmonización con outros eventos do calendario escolar, etc. É conveniente programar as datas e fases do proxecto, sobre todo porque temos que combinar o noso calendario co das entidades coas que imos colaborar.</p>
9. Participación do alumnado	<p>Un proxecto de aprendizaxe-servizo é unha das mellores actividades que o alumnado pode realizar para aprender a participar, a organizarse, a tomar decisións, a comprometerse e a ser fiel aos seus compromisos.</p> <p>Non obstante, isto non significa que todo deba ser proposto polo alumnado. Por exemplo, cando asumen unha necesidade social, o seu protagonismo radica na apropiación que fan da causa e no compromiso que asumen coa entidade social ou coas persoas destinatarias desta.</p> <p>O compromiso co proxecto é a verdadeira participación.</p> <p>Polo tanto, temos que deseñar estratexias para ver como o grupo pode decidir o proxecto ou facelo seu. Así mesmo, decidirá sobre a distribución das tarefas, o control da súa execución, os procedementos para avaliar o avance do proxecto, a presentación das actuacións, os resultados, etc.</p>
10. Traballo en rede	<p>As iniciativas que promovan os proxectos ApS deben ser comunitarias, xa que temos como obxectivo o desenvolvemento social. Por iso o máis lóxico e efectivo é traballar en rede.</p> <p>O traballo en rede achegará valor ao proxecto na medida en que a entidade social e as institucións implicadas estean máis implicadas no deseño e execución.</p>
11. Celebración	<p>Na celebración do noso proxecto debemos implicar a todas as partes que nel participan: alumnado, familias, asociacións, centros educativos, representantes municipais, etc. Neste evento destacaremos os beneficios da participación de todos os axentes implicados.</p> <p>A celebración pretende darlle visibilidade á clausura do proxecto e amosar un recoñecemento explícito ao compromiso que se contraeu e levou a cabo.</p> <p>Tamén é un acto de agradecemento e recoñecemento mutuo.</p>
12. Difusión	<p>É moi importante difundir o traballo do alumnado nos proxectos ApS, para tentar contaxiar a outras persoas, outros grupos, outras entidades e institucións e transmitir así o potencial transformador das actividades solidarias que se realizan no centro escolar.</p> <p>Algunhas estratexias de difusión poden ser:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ encontros informativos para a comunidade educativa ■ difusión nas redes sociais e nas propias canles do centro ■ reportaxes e noticias en prensa, radio, televisión ■ distribución de folletos informativos sobre o proxecto na contorna ■ exposicións e presentacións do proxecto en público aproveitando eventos do centro, do barrio ou da localidade

13. Recursos necesarios	<p>Neste apartado debemos facer unha previsión dos recursos que serán necesarios para levar a cabo o proxecto. Normalmente, os proxectos non precisan de moitos recursos externos ao centro, pero é importante telos en conta para unha mellor organización. Algúns posibles aspectos poden ser:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ as horas de traballo que pensamos dedicarlle á coordinación ■ o persoal voluntario que necesitaremos, xeralmente as familias ■ alugueiros diversos ■ materiais necesarios ■ desprazamentos ■ gastos da celebración ■ Posibles recursos extra por parte da Administración
14. Avaliación	<p>É necesario valorar os proxectos ApS nas súas dúas dimensións principais: na súa dimensión pedagóxica ou de aprendizaxe e tamén na súa dimensión social ou de servizo. Esta avaliación debe servir principalmente para sermos conscientes do que estamos a facer e para poder decidir se temos que modificar algún aspecto, para conseguir os nosos obxectivos da mellor maneira posible.</p> <p>No apartado pedagóxico valoraremos se estamos a conseguir os obxectivos de aprendizaxe que nos marcamos co alumnado.</p> <p>En relación coa dimensión social, debemos valorar ata que punto estamos a cumprir os nosos compromisos de servizo á comunidade, tanto no que respecta ao alcance do servizo como á súa calidade.</p>
15. Vídeo resumo	<p>É importante que documentemos as distintas partes do proceso de realización do noso proxecto mediante fotografías e vídeos. Este material axudaranos a verificar os procesos desenvolvidos, a obter evidencias e a tomar conciencia da nosa propia aprendizaxe.</p> <p>Debemos prever o tema do consentimento por escrito das familias para a gravación e difusión das imaxes.</p> <p>Se incorporamos música, esta debe estar libre de dereitos ou teremos que pagar o canon correspondente. Se non o facemos, ademais de poder ter problemas legais, algunhas plataformas dixitais non nos permitirán subir o noso vídeo a elas ou silenciaránolo.</p> <p>Este vídeo tamén pode ser a carta de presentación do noso proxecto cando queiramos divulgar o traballo realizado.</p>

7

Conclusións

Esta guía parte da convicción de que a educación debe ser un motor de transformación social.

A escola, ademais, ten que axudarlle aos nenos, nenas, mozos e mozas a buscar unha solución á encrucillada na que se atopan, unha encrucillada formada polos enormes retos que o mundo actual lles supón acompañado por unha cruel falta de oportunidades.

Creemos que **a aprendizaxe-servizo** pode ser a ferramenta que nos pode axudar a acadar ese obxectivo.

Un instrumento que tamén nos pode servir para integrar diversos aspectos necesarios para dar a mellor resposta a esta situación:

- **A Educación para unha Cidadanía Global**, porque nos servirá pensar globalmente e actuar localmente.
- **Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible**, porque promoveremos a concienciación sobre os retos globais e fomentaremos a participación activa do alumnado na procura de solucións sostibles.
- **A Convivencia Escolar Positiva e a Cultura de Paz**, porque poderemos construír comunidades escolares máis inclusivas, equitativas e resistentes.
- **O enfoque de xénero**, porque o alumnado terá a oportunidade de desenvolver unha comprensión máis profunda das cuestións de xénero e contribuír activamente á promoción da igualdade e a inclusión nas súas comunidades.
- **As competencias clave**, porque podemos desenvolver o currículo proposto pola LOMLOE dun xeito moi eficaz.
- **O protagonismo do alumnado**. Os nenos, as nenas, mozos e mozas teñen dereito a seren educados na xenerosidade non só para adquirir coñecementos e habilidades prácticas, senón tamén para desenvolveren unha comprensión máis profunda do seu papel como cidadáns e cidadás do mundo e ser capaces de dar unha resposta nova que contribúa ao benestar global.

A seguinte infografía extraía da web da Subdirección Territorial de Cooperación Territorial e Innovación Educativa do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes (2023) resume, en boa

maneira, os beneficios que pode achegar a nosa aposta pola aprendizaxe-servizo.



Glosario de termos

- **Aprendizaxe-servizo:** É unha metodoloxía educativa que integra a aprendizaxe académica co servizo á comunidade.
- **Competencias clave:** Son aquelas que todas as persoas necesitan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego.
- **Competencias específicas:** Son actuacións que o alumnado debe poder despregar en actividades ou situacións cuxo enfoque require dos saberes básicos de cada área. As competencias específicas constitúen un elemento de conexión entre, por unha banda, as competencias clave e, por outra, os saberes básicos das áreas e os criterios de avaliación.
- **Convivencia Escolar Positiva:** A convivencia é a capacidade que se ten para convivir con outras persoas en base a valores como o respecto e a solidariedade recíproca. **Trátase dun concepto esencialmente positivo, que debe ser aprendido e cuxo desenvolvemento no contexto escolar é imprescindible, pois este é un dos espazos de socialización máis relevantes no proceso de aprendizaxe permanente que supón aprender a convivir.**
- **Criterios de avaliación:** Son referentes que indican os niveis de rendemento esperados no alumnado nas situacións ou actividades das competencias específicas para cada área nun momento determinado do seu proceso de aprendizaxe.
- **Cultura de Paz:** Consiste en promover unha serie de valores, actitudes e comportamentos que rexeitan a violencia e prevén os conflitos. Tratan de resolver os problemas mediante o diálogo e a negociación da obriga entre as persoas e as nacións, tendo en conta os dereitos, respectándoos e incluíndoos nos tratados internacionais.
- **Declaración Universal dos Dereitos Humanos:** É un documento que serve como plan de acción global para a liberdade e a igualdade que protexe os dereitos de todas as persoas en todas partes. Foi a primeira vez que os países acordaban as liberdades e os dereitos que merecen protección universal para que todas as persoas poidan vivir a súa vida en liberdade, igualdade e dignidade.
- **Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA):** O Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA) é un modelo de ensino que ten en conta

a diversidade do alumnado e cuxo obxectivo é lograr unha inclusión efectiva, minimizando así as barreiras físicas, sensoriais, cognitivas e culturais que puidesen existir na aula, de xeito que favoreza a igualdade de oportunidades no acceso á educación..

- **Descritores de saída:** Os descritores operativos do Perfil de saída fan referencia ás actuacións concretas que o alumnado debe desenvolver ao final de cada etapa. Identifícanse polas siglas da competencia seguidas dun número que se corresponde coa orde que ocupa o devandito descriptor na definición da competencia.
- **Educación para a cidadanía global:** Proceso de ensino e aprendizaxe que busca construír cidadáns reflexivos, críticos, responsables e comprometidos cun mundo xusto, pacífico e sostible.
- **Enfoque de xénero:** O enfoque de xénero refírese a observar, analizar e impulsar transformacións en materia de desigualdades e inequidades na condición e construción dos roles e posición de homes e mulleres na sociedade. unwomen.org
- **LOMLOE:** É unha **reforma da lei educativa** que afecta as Administracións públicas, organizacións privadas, profesorado, alumnado e familias. Engade novos propósitos e principios de actuación aos existentes, debido ao avance global en diversos ámbitos. Baséase nunha nova mirada á realidade da educación e da sociedade.
- **Necesidade social:** A necesidade social na aprendizaxe-servizo refírese aos problemas, retos ou carencias que existen na comunidade e que se poden abordar mediante proxectos educativos que combinen a aprendizaxe académica co servizo á comunidade.
- **Obxectivos de aprendizaxe:** Logros que se espera que o alumnado acadese ao final da etapa e cuxa consecución está ligada á adquisición das competencias clave e das específicas.
- **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible:** Os dezasete Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) son medidas adoptadas polos líderes mundiais para protexer o planeta, loitar contra a pobreza e tratar de erradicala co obxectivo de construír un mundo máis próspero, xusto e sostible para as xeracións vindeiras. Estes obxectivos fixéronse dentro da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible.
- **Perfil de saída:** É a ferramenta na que se concretan os principios e finalidades do sistema educativo español. O perfil identifica e define, en relación cos retos do século XXI, as competencias clave que se espera que o alumnado desenvolva ao rematar a fase de educación básica. É único para todo o territorio nacional.
- **Primeira Carta dos Dereitos do Neno:** En 1959, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou a Declaración dos Dereitos do Neno. Este recoñecemento supuxo o primeiro gran

consenso internacional sobre os principios fundamentais dos dereitos do neno.

- **Proceso cognitivo:** Os procesos cognitivos enténdense como modos de pensamento e desempeñan unha función esencial dinamizando e mobilizando todo tipo de recursos na construción da competencia.
- **Proxecto educativo:** É un documento propio adaptado a cada centro educativo, no que se recollen a **misión, visión e valores** do centro, a súa **estrutura funcional e organizativa**, os seus **criterios e metodoloxías docentes e de avaliación**, así como os currículos correspondentes a cada nivel educativo, tendo sempre en conta as características sociais e o ambiente cultural que rodea o centro e as necesidades do seu alumnado.
- **Rede Española de Aprendizaxe-Servizo:** Trátase dunha asociación sen ánimo de lucro que ten como misión difundir a aprendizaxe-servizo. Está formado por dezasete grupos territoriais de dezasete comunidades autónomas.
- **Saberes básicos:** Coñecementos, destrezas e actitudes que constitúen os contidos propios dunha área e cuxa aprendizaxe é necesaria para a adquisición das competencias específicas.
- **Secuencia didáctica:** Secuencia de actividades educativas que nos permiten acadar os obxectivos establecidos.
- **Servizo á comunidade:** O servizo á comunidade na aprendizaxe-servizo refírese á acción voluntaria que realiza o alumnado, dentro dun programa educativo, para abordar necesidades e problemas reais na comunidade. Esta acción implica que o alumnado poña en práctica os coñecementos, habilidades e valores adquiridos na aula para beneficiar os demais e mellorar a sociedade.
- **Situación de aprendizaxe:** Actividades que impliquen o desenvolvemento, por parte do alumnado, de accións asociadas ás competencias clave e específicas, e que contribúan á adquisición e desenvolvemento destas, é dicir, presentar situacións da vida real coas que desenvolver diferentes aprendizaxes.
- **Taxonomía de Bloom:** A taxonomía de Bloom é un marco educativo que clasifica os obxectivos de aprendizaxe en seis niveis xerárquicos que van desde habilidades cognitivas máis simples ata habilidades máis complexas.
- **Traballo en rede:** No contexto da aprendizaxe-servizo, o traballo en rede implica a creación de alianzas estratéxicas e relacións de colaboración entre os diversos participantes, aproveitando os recursos e coñecementos dispoñibles na comunidade para atender as necesidades sociais.

Anexos

Anexo I

Apartados da avaliación

Alumnado

Valora os seguintes apartados do 1 ao 5:	1	2	3	4	5
Participaches na elección das necesidades sociais que hai que mellorar.					
Realizaches unha análise para comprender as causas e consecuencias das necesidades sociais atopadas.					
Fixeches unha reflexión sobre o que se analizou.					
Sentes que participaches no proceso de selección do servizo que hai que prestar.					
Estás satisfeito/a e motivado/a coas actividades desenvolvidas no proxecto ApS.					
Consideraches as actividades de ApS relevantes e significativas e implicácheste nelas.					
Colaboraches cos teus compañeiros e compañeiras nas actividades do proxecto de aprendizaxe-servizo.					
O desenvolvemento destas actividades mellorou a túa convivencia na aula.					
O desenvolvemento da experiencia ApS mellorou a túa aprendizaxe dos contidos propios das materias.					
Cres que o servizo prestado á comunidade foi importante e útil.					

Facultade

Valora os seguintes apartados do 1 ao 5:	1	2	3	4	5
O desenvolvemento do proxecto de ApS mellorou o rendemento académico do alumnado participante.					
O profesorado participante está motivado e satisfeito coas actividades realizadas no proxecto de ApS.					
O labor do profesorado participante no proxecto ApS transcendeu a outros membros do claustro.					
O profesorado participante mellorou as súas competencias profesionais a partir do desenvolvemento do proxecto.					
O profesorado participante considera que é necesario incluír as ApS no plan de formación do profesorado do centro.					
O proxecto de ApS incrementou o nivel de implicación do alumnado na materia ou materias relacionadas con este.					
O alumnado adquiriu as aprendizaxe funcionais previstas derivadas da práctica social desenvolvida.					
O proxecto ApS incidiu positivamente no clima do centro e mellorou a convivencia.					
Os estudantes melloraron o seu compromiso ético e cívico coa comunidade.					
O alumnado tivo a oportunidade de elixir ou facer seu o proxecto ApS.					

Equipo directivo

Valora os seguintes apartados do 1 ao 5:	1	2	3	4	5
O proxecto ApS contribuíu a mellorar a calidade dos contidos curriculares.					
Desde a posta en marcha do proxecto ApS, producíronse cambios significativos na avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe.					
As actividades realizadas favoreceron o desenvolvemento das competencias clave do alumnado.					
As actividades realizadas reforzan o traballo colaborativo con entidades locais, asociacións, outros centros, etc.					
O nivel de implicación das familias na vida do centro aumentou considerablemente grazas ao desenvolvemento do proxecto de ApS.					
O equipo directivo valora positivamente a metodoloxía didáctica empregada durante o desenvolvemento do proxecto.					
O desenvolvemento das actividades permitiu mellorar as relacións interpersoais do centro entre os distintos sectores da comunidade educativa.					
A realización do proxecto contribuíu a mellorar a convivencia escolar.					
A posta en marcha do proxecto contribuíu a reducir o absentismo escolar.					
O equipo directivo incluíu a aprendizaxe-servizo no proxecto educativo do centro.					

Familias

Valora os seguintes apartados do 1 ao 5:	1	2	3	4	5
As familias están informadas de que no centro se está formando o alumnado a través dun proxecto de aprendizaxe-servizo.					
As familias senten que son partícipes do proxecto ApS.					
As familias participan nas actividades realizadas no centro relacionadas co proxecto de ApS.					
As familias consideran importante que o tema traballado no proxecto forme parte do currículo.					
As familias valoran o esforzo do profesorado na aplicación das experiencias de ApS.					
A realización de prácticas baseadas na ApS desenvolve no alumnado habilidades fundamentais como o compromiso ético e social.					
As actividades de ApS aumentaron a motivación dos seus fillos e fillas para asistir ao centro escolar.					
O desenvolvemento do proxecto ApS mellorou o rendemento académico dos seus fillos e fillas.					
O proxecto ApS mellorou a aprendizaxe dos contidos propios das materias do alumnado.					
O desenvolvemento das actividades do proxecto repercute positivamente no centro.					

Axentes externos

Valora os seguintes apartados do 1 ao 5:	1	2	3	4	5
Participou activamente no deseño e planificación do proxecto de ApS.					
Participou activamente na realización e desenvolvemento do proxecto de ApS.					
Participou activamente na avaliación do proxecto de ApS.					
Considera que o seu labor foi ben valorado polo equipo directivo.					
Considera que o seu labor foi ben valorado polo profesorado.					
Considera que o seu labor foi ben valorado polo alumnado.					
Considera que o seu labor foi ben valorado polas familias.					
Considera que o profesorado estivo implicado no proxecto e colaborou eficazmente cos axentes que interviñeron.					
As actividades desenvolvidas no proxecto polo alumnado responden ás necesidades sociais reais da súa entidade.					
O servizo desenvolvido respondeu ás necesidades sociais descubertas.					

Anexo II

Exemplos de situacións de aprendizaxe

A. Exemplo de situación de aprendizaxe primaria baseada nun proxecto de aprendizaxe-servizo sobre doazón de sangue

1. Centro de interese

Nos proxectos ApS é moi doado buscar o centro de interese. Ofreceránolo o descubrimento dunha necesidade social. Por exemplo, a necesidade de obter doazóns de sangue para os hospitais.. Esta situación fará que o alumnado se considere importante no seu traballo diario e será enormemente motivador.

2. Xustificación da proposta

A través dos medios de comunicación, o alumnado pode analizar a falta de sangue para cubrir as necesidades dos centros hospitalarios. A partir de aquí os rapaces e as rapazas terán a oportunidade de mostrar empatía coas persoas que necesitan sangue para sobrevivir e ao mesmo tempo aprenderán a resolver os problemas da súa contorna. Con este traballo tamén mellorarán as súas habilidades sociais e a súa destreza comunicativa e diversas competencias específicas. Con este proxecto pódense cubrir algúns obxectivos recollidos pola LOMLOE, como por exemplo valorar a hixiene e a saúde e aceptar o propio corpo e o dos demais, ou desenvolver hábitos de traballo individual e en equipo. O alumnado contribuirá a acadar os ODS 3 Saúde, ODS 5 Igualdade de xénero e benestar e ODS 17 Alianzas para acadar os obxectivos.

3. Descrición do produto final

Buscaremos un servizo que nos axude a mellorar a necesidade. Neste caso, o alumnado pode organizar unha campaña de doazón de sangue na súa zona.

4. Concreción curricular

Neste apartado elixiremos as competencias específicas (na normativa galega as competencias específicas denomínanse obxectivos da materia), os criterios de avaliación e os coñecementos básicos que iremos traballar co alumnado neste proxecto. O ideal é levar a cabo un proxecto de ApS coordinado con varias materias, xa que este será así máis rico e completo. Pero, para comezar, podemos facelo cunha ou dúas materias. Aquí propoñemos a participación de tres áreas (Matemáticas, Lingua e Plástica) que, normalmente, nas escolas de primaria están en mans dun mesmo profesor ou profesora.

CONCRECIÓN CURRICULAR DE 3.º CICLO DE PRIMARIA

Tarefa final	Realizar unha campaña de doazón de sangue	
Concreción curricular		
Competencias específicas + descriptorios de saída	Criterios de avaliación	Saberes básicos
MATEMÁTICAS		
CE 5. Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas implicadas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos para interpretar situacións e contextos diversos. STEM1, STEM3, CD3, CD5, CC4, CEC1.	5.2. Interpreta situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	MA.03.E.1.3. Gráficas estadísticas sinxelas (diagrama de barras, diagrama de sectores, histograma, etc.): representación de datos utilizando recursos tradicionais e tecnolóxicos e selección do máis conveniente.
LINGUA		
CE 3. Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos, construír coñecementos, establecer vínculos persoais e participar con autonomía e actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas. CCL1, CCL3, CCL5, CP2, STEM1, CD2, CD3, CC2, CE1.	3.1. Producir textos orais e multimodais coherentes cunha planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	LC.03.B.3.1. Interacción oral: interacción oral e adecuada en contextos formais e informais, escoita activa, asertividade, resolución dialóxica de conflitos e cortesía lingüística. A expresión e a escoita empática das necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
CE 2. Producir textos sinxelos de forma comprensible e estruturada utilizando estratexias, como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionadas con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiáns. CCL1, CP1, CP2, STEM1, CD2, CPSAA5, CE1, CCEC4.	2.2. Redactar textos moi breves e sinxelos adaptados á situación comunicativa proposta a partir de modelos e mediante ferramentas analóxicas e dixitais, utilizando léxico e estruturas elementais sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia.	LC.03.B.3.5. Producción escrita: ortografía regrada na textualización e autocorrección. Coherencia, cohesión e adecuación textual. Estratexias básicas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e autocorrección. Utilización de elementos gráficos e paratextuais ao servizo da comprensión. Redacción en formato dixital acompañada.
MATEMÁTICAS		
6. Comunicar e representar, individual e colectivamente, conceptos, procedementos e resultados matemáticos utilizando a linguaxe oral, escrita, gráfica, multimodal e a terminoloxía matemática axeitada para darlle significado e permanencia ás ideas matemáticas. CCL1, CCL3, STEM2, STEM4, CD1, CD5, CE3, CCEC4.	6.2.a. Identificar e comezar a explicar, verbalmente, ideas e procesos matemáticos sinxelos, comezando a identificar diferentes linguaxes tradicionais ou dixitais.	MAT.3.A.5.2. Resolución de problemas de proporcionalidade, porcentaxes e escalas na vida cotiá mediante a igualdade entre razóns, a redución á unidade ou a utilización de coeficientes de proporcionalidade.
LINGUA		
4. Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o significado global, as ideas principais e a información explícita e implícita, realizando, con axuda, reflexións básicas sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e responder a necesidades e intereses comunicativos diversos. CCL2, CCL3, CCL5, CP2, STEM1, CD1, CPSAA4, CPSAA5.	4.2.a. Analizar e interpretar, de xeito acompañado, o contido e os aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido e estrutura e iniciando a avaliación da súa calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	LCL.3.B.2.3. Xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.

<p>5. Producir textos escritos e multimodais con corrección gramatical e ortográfica básica, secuenciando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, revisión e edición, para construír coñecemento e responder a demandas comunicativas específicas. CCL1, CCL3, CCL5, STEM1, CD2, CD3, CPSAA5, CC2.</p>	<p>5.1.a. Producir textos escritos e multimodais coherentes, en diferentes soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das regras gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de xeito acompañado, estratexias sinxelas de planificación individual ou grupal, revisión e edición.</p>	<p>LCL.3.B.3.5. Producción escrita: ortografía regrada na textualización e autocorrección. Coherencia, cohesión e adecuación textual. Estratexias básicas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e autocorrección. Utilización de elementos gráficos e paratextuais ao servizo da comprensión. Redacción en formato dixital acompañada.</p>
---	--	--

<p>6. Buscar, seleccionar e contrastar información de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co acompañamento debido, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e comunicala de forma creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual. CCL3, CD1, CD2, CD3, CD4, CPSAA5, CC2, CE3.</p>	<p>6.2.a. Compartir, de xeito creativo, os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de forma acompañada.</p>	<p>LCL.3.B.3.2. Comprensión oral: identificación das ideas máis relevantes e interpretación do significado global facendo as inferencias necesarias. Valoración crítica. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Estratexias para o uso gradualmente autónomo de diversos recursos lingüísticos en diferentes soportes, incluídos os dixitais, para mellorar a comprensión de textos.</p>
---	--	---

EDUCACIÓN ARTÍSTICA

<p>CE 3. Expresar e comunicar, de xeito creativo, ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, a imaxe, o corpo e os medios dixitais, para producir obras propias. CCL1, CD2, CPSAA1, CPSAA5, CC2, CE1, CCEC3, CCEC4.</p>	<p>3.2. Expresar, con creatividade, ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.</p>	<p>EA.03.C.6. Rexistro e edición de elementos audiovisuais: conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais e de manexo sinxelo.</p>
---	--	---

<p>CE 4. Participar no deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas individuais ou colectivas, valorando o proceso e asumindo diferentes funcións na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza. CCL1, CCL5, CP3, STEM3, CC2, CE1, CE3, CCEC3, CCEC4.</p>	<p>4.2. Participar activamente no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, de forma creativa e respectuosa, utilizando elementos básicos de diferentes linguaxes e técnicas artísticas.</p>	<p>EA.03.B.1. Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.</p>
---	--	---

5. Secuenciación didáctica

Deseñaremos as tarefas e actividades que imos propoñer en función dos procesos cognitivos.

SECUENCIA DIDÁCTICA DE 3.º CICLO DE PRIMARIA			
Tarefa final: Realizar unha campaña de doazón de sangue			
Fases de un proxecto ApS	Fases de secuencia	Procesos cognitivos	Actividades
ANÁLISE	MOTIVAR	ANALÍTICO	MATEMÁTICAS: Realizar un estudo estatístico en formato dixital a partir dos datos das doazóns realizadas na túa provincia no último ano.
	REFLEXIÓN	ACTIVAR	REFLEXIVO
REFLEXIÓN	EXPLORAR	LÓXICO	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA: Ordenar nun esquema as causas e as consecuencias da falta de sangue nos hospitais.
		ANALÓXICO	MATEMÁTICAS: Facer nun mapa conceptual unha comparación entre as doazóns realizadas nas distintas comunidades autónomas en termos absolutos e relativos.
	ESTRUTURA	SISTÉMICO	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA: Realizar unha enquisa entre os familiares para coñecer os motivos polos que a xente doa ou non. Hai algunha diferenza entre as razóns masculinas e femininas?
		CRÍTICO	LINGUA: Redactar un compromiso onde se expoñan os motivos polos que se compromete a realizar a campaña de doazón de sangue.
COMPROMISO Servizo	APLICAR	DELIBERATIVO	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA: Crear un mapa conceptual en equipo coas decisións necesarias para a posta en marcha da doazón na escola.
	CONCLUÍR	CREATIVO	EDUCACIÓN ARTÍSTICA: Realizar un vídeo onde animen, de xeito creativo, a xente a que se achegue ao centro para doar.
		PRÁCTICO	EDUCACIÓN ARTÍSTICA: Decorar o centro para recibir as persoas que acudirán á doazón.

6. Medidas de atención á diversidade

Estas medidas basearanse no Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA). As bases do deseño universal para a aprendizaxe son esenciais para garantir que todo o noso alumnado poida participar e aprender. A continuación, ofrecemos unha listaxe de condicións que debe ter a proposta de SdA para que sexa accesible a todo tipo de alumnado e non esquezamos ningunha das circunstancias que se dan na súa inclusión:

- Accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional.
- Considera a perspectiva cultural, de xénero e socioeconómica.
- Considera a conexión cos retos, os ODS e favorece o papel activo do alumnado.
- Consigue a máxima implicación e participación de todo o alumnado.
- Realizar un seguimento continuo proporcionando feedback.
- Preséntalle a información ao alumnado utilizando diferentes formatos.
- Favorece a reflexión e o tratamento da información a distintos niveis.
- Ofrécelle ao alumnado diferentes formas de expresión do coñecemento.

7. Avaliación do proceso

AVALIACIÓN DE 3.º CICLO DE PRIMARIA			
Tarefa final: Realizar unha campaña de doazón de sangue			
Valoración do aprendido			
Critérios de avaliación	Actividades	Instrumentos de avaliación	Evidencias
MATEMÁTICAS			
5.2. Interpreta situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Realizar un estudo estatístico en formato dixital a partir dos datos das doazóns realizadas na túa provincia no último ano.	Rúbrica para a avaliación de gráficos estatísticos	Estudo estatístico con gráficos con datos sobre as doazóns
LINGUA			
3.1. Producir textos orais e multimodais coherentes, cunha planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Realizar un debate onde reflexionemos sobre a necesidade de sangue na nosa sociedade	Rexistro anecdótico	Debate
2.2. Redactar textos moi breves e sinxelos adaptados á situación comunicativa proposta a partir de modelos e mediante ferramentas analóxicas e dixitais, utilizando léxico e estruturas elementais sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Ordenar nun esquema as causas e as consecuencias da falta de sangue nos hospitais.	Rúbricas para a avaliación dos organizadores gráficos	Esquema
MATEMÁTICAS			
6.2.a. Identificar e comezar a explicar, verbalmente, ideas e procesos matemáticos sinxelos, comezando a identificar diferentes linguaxes tradicionais ou dixitais.	Facer nun mapa conceptual unha comparación entre as doazóns realizadas nas distintas comunidades autónomas en termos absolutos e relativos.	Rúbrica para avaliar un mapa conceptual	Mapa conceptual
LINGUA			
4.2.a. Analizar e interpretar, de xeito acompañado, o contido e os aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido e estrutura e iniciando a avaliación da súa calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Realizar a análise dunha enquisa entre os familiares para coñecer os motivos polos que as persoas doan ou non. Hai algunha diferenza entre as razóns masculinas e femininas?	Rúbrica para avaliar a realización dunha enquisa	Análise da enquisa

5.1.a. Producir textos escritos e multimodais coherentes, en diferentes soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das regras gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de xeito acompañado, estratexias sinxelas de planificación individual ou grupal , revisión e edición.	Redactar un compromiso onde se expoñan os motivos polos que se compromete a realizar a campaña de doazón de sangue.	Rúbrica para avaliar a expresión escrita	Texto co compromiso
6.2.a. Compartir, de xeito creativo, os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de forma acompañada.	Crear un mapa conceptual en equipo coas decisións necesarias para a posta en marcha da doazón na escola.	Rúbrica para avaliar un mapa conceptual	Mapa conceptual

ARTÍSTICO

3.2. Expresar, con creatividade, ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Realizar un vídeo onde animen, de xeito creativo, a xente a que se achegue ao centro para doar.	Rúbrica para avaliar un vídeo curto	Vídeo
4.2. Participar activamente no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, de forma creativa e respectuosa, utilizando elementos básicos de diferentes linguaxes e técnicas artísticas.	Decorar o centro para recibir as persoas que acudirán á doazón.	Escala de actitudes	Centro organizado e decorado por todo o alumnado

B. Exemplo de situación de aprendizaxe secundaria baseada nun proxecto de aprendizaxe-servizo interxeracional

1. Centro de interese

Nos proxectos ApS é moi doado buscar o centro de interese. Ofreceránolo o descubrimento dunha necesidade social. Por exemplo, a necesidade de aliviar a soidade das persoas maiores.. Esta situación fará que o alumnado se considere importante no seu traballo diario e será enormemente motivador.

2. Xustificación da proposta

O alumnado poderá mostrar empatía coas persoas maiores e ao mesmo tempo aprender a resolver problemas da súa contorna. Ademais, mellorará as súas habilidades sociais e comunicativas e diversas competencias específicas.

Con este proxecto, pódense cubrir algúns dos obxectivos que recolle a LOMLOE, como son coñecer e apreciar os valores e normas de convivencia., aprender a actuar conforme a elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática. Con este proxecto, o alumnado contribuirá a acadar os ODS 10 Redución das desigualdades, ODS 5 Igualdade de xénero e ODS 17 Alianzas para acadar os obxectivos.

3. Descrición do produto final

Buscaremos un servizo que nos axude a mellorar a necesidade. Neste caso, o alumnado pode organizar unha festa no seu centro para convidar a persoas maiores do seu barrio ou localidade.

4. Concreción curricular

Neste apartado elixiremos as competencias específicas (na normativa galega as competencias específicas denomínanse obxectivos da materia), os criterios de avaliación e os coñecementos básicos que iremos traballar co alumnado neste proxecto. O ideal, como dixemos anteriormente, é levar a cabo un proxecto de ApS coordinado con varias materias. No caso de secundaria apostamos por un proxecto no que participan oito materias distintas. Deste xeito podemos ver como as distintas materias poden achegar un elemento útil e necesario para o proxecto.

CONCRECIÓN CURRICULAR DE 1.º DA ESO

Tarefa final	Realizar unha festa no centro coa xente maior	
Competencias específicas + descriptorios de saída	Criterios de avaliación	Saberes básicos
MATEMÁTICAS		
Comunicar, de forma individual e colectiva conceptos, procedementos e argumentos matemáticos utilizando a linguaxe oral, escrita ou gráfica, botando man dunha terminoloxía matemática axeitada, para darlle sentido e coherencia ás ideas matemáticas. CCL1, CCL3, CP1, STEM2, STEM4, CD2, CD3, CE3, CCEC3.	8.1. Comunicar a información utilizando unha linguaxe matemática adecuada, de forma oral e escrita, ao describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	1. Organización e análise de datos. ▫ Elaboración de táboas estatísticas sinxelas para variables cualitativas e cuantitativas discretas.
LINGUA		
3. Producir textos orais e multimodais con fluidez, coherencia, cohesión e rexistro axeitado, atendendo ás convencións propias dos distintos xéneros discursivos, e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir dun xeito activo e informado en diferentes contextos sociais. CCL1, CCL3, CCL5, CP2, STEM1, CD2, CD3, CC2, CE1.	3.2. Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de forma activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e utilizando estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	– Detección e análise de usos lingüísticos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal que transmiten prexuízos, estereotipos e descualificación.
5. Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, tendo en conta as convencións do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e responder de forma informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas. CCL1, CCL3, CCL5, STEM1, CD2, CD3, CPSAA5, CC2.	5.2. Escribir textos propios do ámbito académico e familiar e textos dialogados, con corrección gramatical e ortográfica e propiedade léxica.	Explicación e uso dos signos de puntuación básicos como mecanismo de organización do texto escrito: o punto, a coma, os signos de interrogación e exclamación. A súa relación co significado.
LINGUA ESTRANXEIRA		
1. Comprender e interpretar o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados con claridade e na lingua estándar, buscando fontes fiables e utilizando estratexias, como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas específicas. CCL2, CCL3, CP1, CP2, STEM1, CD1, CPSAA5, CCEC2.	1.2. Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos máis axeitados en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos, interpretar elementos non verbais e buscar e seleccionar información.	– Coñecementos, habilidades e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas. Coñecemento básico das normas de cortesía e das convencións sociais de maior importancia. Análise do tipo de receptor para escoller o tipo de rexistro axeitado segundo a situación comunicativa.
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA		
6. Analizar os elementos dunha paisaxe concreta, valorándoa como patrimonio natural e utilizando os coñecementos sobre xeoloxía e ciencias da Terra para explicar a súa historia xeolóxica, propoñer actuacións encamiñadas á súa protección e identificar posibles riscos naturais. STEM1, STEM2, STEM4, STEM5, CD1, CC4, CE1, CCEC1.	6.1. Interpreta a paisaxe analizando os seus elementos e reflexionando sobre os problemas que provocan determinadas accións humanas.	Recoñecemento da importancia da conservación dos ecosistemas, da biodiversidade e da implantación dun modelo de desenvolvemento sostible. Accións que favorezan a conservación do medio.

XEOGRAFÍA E HISTORIA

1. Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, utilizando de forma crítica fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, desenvolver e expresar contidos en diversos formatos. CCL2, CCL3, STEM4, CD1, CD2, CC1.

1.1. Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, liñas de tempo e táboas informativas mediante o desenvolvemento de métodos de busca, selección e tratamento da información sobre xeografía física e política e sobre procesos e acontecementos relevantes da actualidade e da prehistoria e da antigüidade.

Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo actuais. A vida cotiá durante a prehistoria e a antigüidade e as súas diferenzas e cambios con respecto ás sociedades actuais.

EDUCACIÓN FÍSICA

3. Compartir espazos de práctica físico-deportiva independentemente de calquera diferenza, primando o respecto entre os participantes e as normas sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica ante as condutas antideportivas e desenvolvendo procesos que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións. CCL5, CPSAA1, CPSAA3, CPSAA5, CC3.

3.2. Cooperar ou colaborar na práctica de diferentes producións motrices para acadar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo diferentes roles e responsabilidades asignadas.

- Habilidades sociais. Condutas prosociais en situacións motrices colectivas: axuda, colaboración, cooperación, empatía e solidariedade.

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL

5. Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes baseados na intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar as habilidades comunicativas e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza. CCL2, CPSAA1, CPSAA3, CPSAA4, CC3, CCEC3, CCEC4.

5.1. Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas, visuais e audiovisuais mediante a experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e de reflexión crítica.

Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

MÚSICA

3. Interpretar pezas musicais e de danza, xestionando adecuadamente as emocións e utilizando diversos métodos e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal. CCL1, CD2, CPSAA1, CPSAA3, CC1, CE1, CCE3.

3.2. Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe.

- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.

5. Secuenciación didáctica

Deseñaremos as tarefas e actividades que imos propoñer en función dos procesos cognitivos.

SECUENCIA DIDÁCTICA DE 1.º DA ESO			
Tarefa final: Festa no centro para persoas maiores			
Fases de un proxecto ApS	Fases de secuencia	Procesos cognitivos	Actividades
ANÁLISE	MOTIVAR	ANALÍTICO	MATEMÁTICAS: Realizar un estudo estatístico en formato dixital a partir dos datos das persoas maiores da localidade.
	REFLEXIÓN	REFLEXIVO	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA: Realizar un debate onde se reflexione sobre a situación das persoas maiores na nosa sociedade e en especial a das mulleres maiores.
REFLEXIÓN	EXPLORAR	LÓXICO	LINGUA ESTRANXEIRA: Axudar as persoas maiores que tiveron menos oportunidades educativas a comprender os anuncios que empregan expresións noutros idiomas a través de novos anuncios traducidos.
		ANALÓXICO	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA: Facer unha maqueta da localidade comparando as paisaxes naturais que existían na infancia das persoas maiores coa que existente na realidade actual do alumnado.
	ESTRUTURA	SISTÉMICO	XEOGRAFÍA E HISTORIA: Realizar un mapa conceptual onde aparezan as características do seu barrio ou localidade para relacionalas coa situación das persoas maiores.
		CRÍTICO	LINGUA: Redactar un texto breve a partir dun modelo coas conclusións que sacou da situación que viven as persoas maiores da súa localidade.
	COMPROMISO Servizo	APLICAR	DELIBERATIVO
CONCLUÍR		CREATIVO	EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL: Decorar a sala onde se recibirá ás persoas maiores para facer a festa con motivos próximos aos gustos desas persoas.
		PRÁCTICO	MÚSICA: Realizar un ensaio dun concerto musical coa asistencia de persoas maiores, organizando ademais un intercambio musical con estas persoas.

6. Medidas de atención á diversidade

Estas medidas basearanse no Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA). As bases do deseño universal para a aprendizaxe son esenciais para garantir que todo o noso alumnado poida participar e aprender. A continuación, ofrecemos unha listaxe de condicións que debe ter a proposta de SdA para que sexa accesible a todo tipo de alumnado sen esquecer ningunha das circunstancias que contribúen á súa inclusión:

- Accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional.
- Considera a perspectiva cultural, de xénero e socioeconómica.
- Considera a conexión cos retos, os ODS e favorece o papel activo do alumnado.
- Consigue a máxima implicación e participación de todo o alumnado.
- Realizar un seguimento continuo proporcionando feedback.
- Preséntalle a información ao alumnado utilizando diferentes formatos.
- Favorece a reflexión e o tratamento da información a distintos niveis.
- Ofrécelle ao alumnado diferentes formas de expresión do coñecemento.

7. Avaliación do proceso

AVALIACIÓN DE 1.º DA ESO			
Tarefa final: Realizar unha festa no centro coa xente maior			
Competencias específicas + descriptorios de saída	Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Evidencias
MATEMÁTICAS			
8. Comunicar, de forma individual e colectiva conceptos, procedementos e argumentos matemáticos utilizando a linguaxe oral, escrita ou gráfica, botando man dunha terminoloxía matemática axeitada, para darlle sentido e coherencia ás ideas matemáticas. CCL1, CCL3, CP1, STEM2, STEM4, CD2, CD3, CE3, CCEC3.	8.1. Comunicar a información utilizando unha linguaxe matemática adecuada, de forma oral e escrita, ao describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Rúbrica para avaliar os organizadores gráficos	Estudo estatístico con gráficos con datos de persoas maiores da localidade
LINGUA			
3. Producir textos orais e multimodais con fluidez, coherencia, cohesión e rexistro axeitado, atendendo ás convencións propias dos distintos xéneros discursivos, e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir dun xeito activo e informado en diferentes contextos sociais. CCL1, CCL3, CCL5, CP2, STEM1, CD2, CD3, CC2, CE1.	3.2. Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de forma activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e utilizando estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Rexistro anecdótico	Debate
Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, tendo en conta as convencións do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e responder de forma informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas. CCL1, CCL3, CCL5, STEM1, CD2, CD3, CPSAA5, CC2.	5.2. Escribir textos propios do ámbito académico e familiar e textos dialogados, con corrección gramatical e ortográfica e propiedade léxica.	Rúbrica para avaliar a expresión escrita	Texto crítico
LINGUA ESTRANXEIRA			
1. Comprender e interpretar o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados con claridade e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas específicas. CCL2, CCL3, CP1, CP2, STEM1, CD1, CPSAA5, CCEC2.	1.2. Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada as estratexias e os coñecementos máis axeitados en situacións de comunicación cotiá para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos, interpretar elementos non verbais e buscar e seleccionar información.	Proba escrita: Control sobre expresións en inglés/francés tomadas de anuncios	Control
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA			
6. Analizar os elementos dunha paisaxe concreta, valorándoa como patrimonio natural e utilizando os coñecementos sobre xeoloxía e ciencias da Terra para explicar a súa historia xeolóxica, propoñer actuacións encamiñadas á súa protección e identificar posibles riscos naturais. STEM1, STEM2, STEM4, STEM5, CD1, CC4, CE1, CCEC1.	6.1. Interpreta a paisaxe analizando os seus elementos e reflexionando sobre os problemas que provocan determinadas accións humanas.	Produto: Valorarase que o modelo reflecta a diferenza entre a paisaxe pasada e a actual	Maqueta

XEOGRAFÍA E HISTORIA			
1. Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, utilizando de forma crítica fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, desenvolver e expresar contidos en diversos formatos. CCL2, CCL3, STEM4, CD1, CD2, CC1.	1.1. Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, liñas de tempo e táboas informativas mediante o desenvolvemento de métodos de busca, selección e tratamento da información sobre xeografía física e política e sobre procesos e acontecementos relevantes da actualidade e da prehistoria e da antigüidade.	Mapa conceptual	Mapa conceptual
EDUCACIÓN FÍSICA			
3. Compartir espazos de práctica físico-deportiva independentemente de calquera diferenza, primando o respecto entre os participantes e as normas sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica ante as condutas antideportivas e desenvolvendo procesos que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións. CCL5, CPSAA1, CPSAA3, CPSAA5, CC3.	3.2. Cooperar ou colaborar na práctica de diferentes producións motrices para acadar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo diferentes roles e responsabilidades asignadas.	Guía de observación	Sesión de xogos
EDUCACIÓN ARTÍSTICA			
Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes baseados na intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar as habilidades comunicativas e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza. CCL2, CPSAA1, CPSAA3, CPSAA4, CC3, CCEC3, CCEC4.	5.1. Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas, visuais e audiovisuais, mediante a experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo habilidades comunicativas e de reflexión crítica.	Escala de actitudes	Festa organizada por todo o alumnado
MÚSICA			
3. Interpretar pezas musicais e de danza, xestionando adecuadamente as emocións e utilizando diversos métodos e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal. CCL1, CD2, CPSAA1, CPSAA3, CC1, CE1, CCE3.	3.2. Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe.	Rúbrica para a avaliación dunha actuación musical	Ensaio do concerto musical

Bibliografía e webgrafía

Bibliografía:

- BATLLE, R.: *Aprendizaje-servicio. Compromiso social en acción*. Madrid. Santillana Educación, S. L. 2020.
- BATLLE, R.: *El aprendizaje servicio en España. El contagio de una revolución pedagógica necesaria*. Barcelona. PPC, 2013.
- PUIG, J. M.; BATLLE, R.; BOSCH, C. i PALOS, J.: *Aprendizaje servicio. Educar para la Ciudadanía*. Barcelona. Octaedro, 2006.
- PUIG, J. (coord.): *11 Ideas Clave. ¿Cómo realizar un proyecto de aprendizaje servicio?* Barcelona, Graó, 2015.
- URUÑUELA, P. *La metodología del Aprendizaje-Servicio. Aprender mejorando el mundo*. Madrid, Narcea, 2018.

Webgrafía:

- <https://www.aprendizajeservicio.net/>
- [APS-ORIENTACIONES-PARA-EVALUAR-ALUMNADO.pdf \(aprendizajeservicio.net\)](#)
- <https://www.boe.es/>
- <https://boscoglobal.org/>
- https://convivenciayaprendizajecooperativo.web.uah.es/wp/wp-content/uploads/2016/05/Cap%C3%ADtulo-t%C3%A9nicas_Alumnos-con-altas-capacidades-y-aprendizaje-cooperativo-Libro-Torrego.pdf
- [decc3a1logo-aps-igualdad-gc3a9nero.pdf \(alojate.net\)](#)
- [DUA-A – CEFIRE Inclusiva \(gva.es\)](#)
- <https://educagob.educacionfpydeportes.gob.es/>
- [Fines, principios generales, principios pedagógicos y objetivos - | Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes \(educacionfpydeportes.gob.es\)](#)
- [MapaValores.pdf \(aprenentatgeservei.cat\)](#)
- <https://www.medicusmundi.es/>
- [Resumen de contenidos: APS - Aprendizaje Servicio: UPV](#)



 [educo.org](https://www.educo.org)

 [educo_ong](https://www.instagram.com/educo_ong)

 [educoONG](https://www.facebook.com/educoONG)

 [Educo_ONG](https://twitter.com/Educo_ONG)



Co financiamiento de:

